

# **PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL**

## ***CEIP VICENTE RISCO (CUALEDRO)***



**CURSO:**



# PLAN XERAL ANUAL 2019-2020

## 1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA AO PRESENTE CURSO.

- 1.1. Obxectivos referentes ao alumnado
- 1.2. Obxectivos referentes as profesorado
- 1.3. Obxectivos referentes aos pais

## 2. MEDIDAS E RECURSOS

- 2.1. Medidas
- 2.2. Recursos
  - 2.2.1. Humanos
  - 2.2.2. Materiais

## 3. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

- 3.1. Estrutura Orgánica
  - 3.1.1. Órganos de goberno e participación
  - 3.1.2. Órganos de coordinación docente
  - 3.1.3. Plan de actuación dos órganos colexiados e o equipo directivo.
- 3.2. Organización do profesorado: Titorías e adscripción funcional
- 3.3. Organización do alumnado.
- 3.4. Organización dos horarios.
- 3.5. Organización xeral dos espazos.
- 3.6. Organización dos servizos complementarios.

## 4. PLANS DE ACTUACIÓN

- 4.1. Programa Anual do equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- 4.2. Plan de potenciación da Lingua Galega.
- 4.3. Plan Sociolingüístico.
- 4.4. Plan de actividades de orientación.
- 4.5. Plan de actuación da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- 4.6. Plan da Comisión Económica.
- 4.7. Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ó alumnado con necesidades educativas.

- 4.8. Plan de acción tutorial.
- 4.9. Proxecto lector.
- 4.10. Proxecto experimental de anticipación da primeira lingua estranxeira.
- 4.11. Sección bilingüe.
- 4.12. Programa de educación dixital.
- 4.13. Plan Proxecta.
- 4.14. Plan para a potenciación e organización das relacións coa comunidade e familia
- 4.15. Plan de actividades propostas pola AMPA.
- 4.16. Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente.
- 4.17. Plan de autoprotección do Centro.
- 4.18. Plan de utilización das instalacións do Centro.
- 4.19. Programa anual de formación do profesorado do Centro.
- 4.20. Plan de atención á diversidade.
- 4.21. Plan de convivencia e a súa concreción anual.
- 4.22. Plan de Igualdade.
- 4.23. Plan xeral de avaliación do centro.
  - 4.22.1 Avaliación individualizada de 3º e final de etapa.
- 4.23. Propostas de mellora dos resultados académicos.

## **5. APROBACIÓN.**

# 1. **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O PRESENTE CURSO.**

Este *curso escolar 2019 / 2020*, pretendemos conquistar unha serie de obxectivos baseados fundamentalmente no logro dunha maior calidade nas relacións entre tódolos sectores da Comunidade Educativa, establecendo como aspecto prioritario o fomento da tolerancia, comunicación, respecto á diversidade en todas as súas canles e inserción no medio físico, social e cultural.

## 1.1.-OBXECTIVOS REFERENTES AO ALUMNADO.

- ❖ Fomentar a comunicación e diálogo como medio para chegar a acordos dentro do grupo, aula e centro educativo tanto a nivel escolar como de convivencia.
- ❖ Facilitar e potenciar a participación en tarefas que afecten ao grupo no que se desenvolven tanto no contexto de aula como naquel outro de convivencia cos demais membros da Comunidade Educativa (patio, biblioteca, comedor...)
- ❖ Mellorar a autoestima tanto individual como grupal fomentando a confianza en si mesmo como persoa e tamén a confianza como grupo .
- ❖ Valorar e insistir na valoración do entorno que nos rodea, tratando de que coñezan e aprecien a súa realidade cultural, social e natural.
- ❖ Fomentar o respecto e valoración doutras realidades distintas á nosa, tanto lingüísticas como culturais, sociais e naturais.
- ❖ Coidar, respectar e manter en bo estado todo tipo de material escolar, fundamentalmente se é de tod@s. Isto mesmo coas instalacións e lugares do centro educativo.
- ❖ Inculcar hábitos relacionados coas normas básicas de educación e respecto a un mesmo e ós demais, tales como hábitos hixiénicos , alimenticios, de cortesía...
- ❖ Mellorar a competencia académica do alumnado do centro, fundamentalmente nas técnicas instrumentais e desenvolver actitudes que incidan no seu enriquecemento

persoal e académico (deporte, hábitos de lectura, coidado e respecto pola natureza, curiosidade en torno ao que o rodea...)

- ❖ Desenvolver a capacidade de opinar ante o grupo con argumentos razoados e coherentes.
- ❖ Desenvolver un espírito crítico e a capacidade de análise que lles axude a manter actitudes positivas e rexeitar as negativas tendo en conta as posibles consecuencias.

## **1.2.-OBXECTIVOS REFERENTES AO PROFESORADO**

- ❖ Manter un clima de traballo agradable no que todas as opinións sexan escoitadas e valoradas para chegar a acordos consensuados.
- ❖ Colaborar nos traballos comúns do centro, procurando que a distribución dos mesmos non leve a sobrecarga dun compañeiro sobre outro.
- ❖ Levar a cabo unha labor coordinada que incida na mellora da calidade educativa e profesional.
- ❖ Estimular a autoformación no centro.
- ❖ Analizar e pór en común co equipo de profesionais correspondente, as necesidades educativas de xeito que deamos entre todos unha resposta eficaz ás mesmas.
- ❖ Facilitar a integración no seo da Comunidade Educativa de todos os seus membros.
- ❖ Velar porque todos os nenos e nenas estean integrados no seo do seu grupo natural, sen que haxa lugar a ningún tipo de discriminación en ningún lugar do centro.
- ❖ Planificar, programar, adaptar... de xeito que contribuamos á mellora da calidade educativa e promoción persoal e académica dos nosos/as alumnos/as.
- ❖ Transmitir códigos de conducta democrática.

### 1.3.- OBXECTIVOS REFERENTES AOS PAIS

- ❖ Transmitir dende o centro o significado de Comunidade Educativa e a pertenza á mesma deles.
- ❖ Facilitar a súa asistencia ao centro coa finalidade de realizar tarefas comúns que incidan na mellora do funcionamento.
- ❖ Atender as propostas dos pais a través do Consello Escolar e fomentar o diálogo como medio ideal na resolución de dificultades.
- ❖ Motivar e intensificar a colaboración en actividades complementarias e extraescolares, partindo sempre do criterio de que estean abertas á participación de todo o alumnado do centro.
- ❖ Actuar de mediadores nas relacións dos pais e nais con outras institucións brindándolle a información que estea ao noso alcance (Becas, Servicios sociais...)
- ❖ Manter contactos con eles a través de reunións globais, titorías, atención individualizada e notas informativas.
- ❖ Continuar mantendo coordinacións pais-titor@ coa finalidade de establecer pautas comúns de actuación con respecto aos nenos e nenas.

## 2. **MEDIDAS E RECURSOS.**

### 2.1.- MEDIDAS

- Organización do Centro con normas claras de funcionamento para toda a Comunidade Educativa
- Adscripción funcional do profesorado, aproveitando ao máximo o recurso humano
- Traballo coordinado de todo o profesorado.
- Potenciación do traballo en equipo do profesorado e do alumnado, valorando e respectando o traballo e puntos de vista dos demais.

- Potenciar a labor da Comisión Pedagóxica do Centro de xeito que se incida no debate en torno á diversificación curricular e, en todas aquelas cuestións de carácter pedagóxico que xurdan.
- Reflexionar dun xeito coordinado e crítico en torno á práctica docente e de organización do centro, buscando sempre solucións que repercutan na mellora da calidade de vida do centro en todos os sectores educativos, pero fundamentalmente no alumnado.
- Incorporar as programacións de aula programas de autoestima, Reforzo Educativo e, en caso necesario, Adaptacións Curriculares
- Adscribir ao profesorado que estime oportuno a Comisión Pedagóxica á función de apoio a alumnado que precise RE.
- Execución de proxectos, plans e programas ao longo do curso escolar.
- Continuar co Plan Sociolingüístico intentando desenvolver as destrezas lingüísticas: falar, escoitar, ler e escribir para que o alumno chegue a ser competente lingüisticamente.
- Potenciar as relacións familia-escola-comunidade.
- Realización de saídas ao entorno próximo e afastado do neno/a que lle permita coñecer e valorar o seu, ao tempo que enriquecerse con entornos diferentes.
- Fomentar a participación do alumnado nas diversas actividades complementarias do centro, tanto participando como organizando, propondo, etc.
- Continuar co Proxecto Lector.
- Continuar co traballo iniciado na Biblioteca facilitando o préstamo de libros , as campañas de animación á lectura e todas aquelas actividades que incidan na utilización adecuada do tempo de ocio.
- Continuar ca participación no Plan Proxecta Paisaxe e Sustentabilidade, comprometéndonos e impulsando unha educación para a sostibilidade.
- Continuar co desenvolvemento do Plan TIC.

- Participación en actividades ofertadas pola Administración.
- Petición á Administración de melloras nas instalacións do centro.

## **2.2.-RECURSOS.**

### **2.2.1.- Recursos Humanos.**

Contamos cos seguintes recursos:

- ❖ Os mestres e mestras co seu labor individual e conxunta.
- ❖ Mestres titores e especialistas.
- ❖ Asesoramento do Equipo de Orientación Específico da zona de Verín, en concreto co CEIP de Oimbra.
- ❖ Aportacións dos pais e nais a través do Consello Escolar do centro.
- ❖ Aportacións individuais de nais e pais.
- ❖ Aportacións do Concello, a través do seu representante no Consello Escolar do centro.
- ❖ Colaboración do persoal non docente.

### **2.2.2.- Recursos Materiais.**

- ❖ Materiais elaborados por cada mestre, ben a nivel individual, ben a través de equipos ou comisións
- ❖ Biblioteca escolar
- ❖ Medios audiovisuais, entre os que constan dez ordenadores e acceso a Internet, rede Wifi, ademáis de 5 ordenadores portátiles, cinco proxectores, dous escaners, dúas impresoras e seis encerados dixitais.
- ❖ Bibliografía.
- ❖ Material que envíe a Administración.
- ❖ Libros de texto e materiais curriculares (Ver páxinas seguintes).



## LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR EDUCACIÓN INFANTIL

### 3 ANOS

#### Libros de texto :

PROXECTOS CANTO SABEMOS 3.0	978-84-9185-059-5	Nivel 1 A AUGA 3.0	2019
	978-84-9185-095-3	Nivel 1 A HORTA 3.0	
	978-84-9185-069-4	Nivel 1 O CASTELO 3.0	
LETRAS DE CORES CON ENLACE	978-84-8224-945-2 978-84-8224-845-5	LETRAS DE CORES 1 LETRAS DE CORES 2	2009
TALLER MATEMATICAS	978-84-680-2780-7	Nivel 1 TALLER MATEMATICAS MANIPULATIVAS	2018

#### Material :

- 1 paquete de ceras duras
- 1 paquete de ceras brandas.
- 2 lapis.
- 3 gomias de borrar.
- 1 barras de pegamento.
- 1 carpeta de solapas tamaño folio.
- 100 folios DIN A4 para fotocopiadora.
- 1 caixa de rotuladores gordos.
- Tesoiras de punta redonda.

### 4 ANOS

#### Libros de texto :

PROXECTOS CANTO SABEMOS 3.0	978-84-9185-084-7	Nivel 2 A AUGA 3.0	2019
	978-84-9185-097-7	Nivel 2 A HORTA 3.0	
	978-84-9185-083-0	Nivel 2 O CASTELO 3.0	
LETRAS DE CORES CON ENLACE	978-84-8224-845-5 978-84-8224-957-5	LETRAS DE CORES 2 LETRAS DE CORES 3	2009
TALLER MATEMATICAS	978-84-680-2781-4	Nivel 2 TALLER MATEMATICAS MANIPULATIVAS	2018

**Material :**

- 1 paquete de ceras duras
- 1 paquete de ceras brandas.
- 3 gomas de borrar.
- 1 barras de pegamento.
- 1 carpeta de solapas tamaño folio.
- 100 folios DIN A4 para fotocopiadora.
- 1 caixa de rotuladores finos.
- 1 tesoura de punta redonda.
- 3 lapis

**5 ANOS**

**Libros de texto :**

<b>PROXECTOS CANTO SABEMOS 3.0</b>	978-84-9185-084-7 978-84-9185-097-7 978-84-9185-083-0	Nivel 3 A AUGA 3.0 Nivel 3 A HORTA 3.0 Nivel 3 O CASTELO 3.0	2019
<b>LETRAS DE CORES CON ENLACE</b>	978-84-8224-845-5 978-84-8224-957-5	LETRAS DE CORES 3 LETRAS DE CORES 4	2009
<b>TALLER MATEMATICAS</b>	978-84-680-2781-4	Nivel 3 TALLER MATEMATICAS MANIPULATIVAS	2018

**Material :**

- 1 paquete de ceras duras
- 3 gomas de borrar.
- 1 barras de pegamento.
- 1 carpeta de solapas tamaño folio.
- 100 folios DIN A4 para fotocopiadora.
- 1 caixa de rotuladores finos.
- 1 tesoura de punta redonda.
- 3 lapis.

**LIBROS DE TEXTO****1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

978-84-9972-414-0	1PRI GLOB ESTRELAMAR LINGUA/CC NAT./CC. SOC.
978-84-9972-229-0	1PRI GLOB ESTRELAMAR LENGUA/MATEMATICAS
978-84-680-3262-7	1PRI RELIGION Serie Manantial
978-84-668-1463-8	BEEP 1 Student's book pack
978-84-668-1427-0	BEEP 1 Activity book pack
978-84-680-2324-3	1PRI COMPRESION LECTORA
978-84-680-4046-2	1PRI MÉTODO DECA. Resolución de Problemas.

**2º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

978-84-9972-947-3	2PRI GLOB ESTRELAMAR LINGUA/CC NAT./CC. SOC.
978-84-9972-961-9	2PRI GLOB ESTRELAMAR LENGUA/MATEMATICAS
978-84-680-2954-2	2PRI RELIGION Serie Manantial
978-84-668-1464-5	BEEP 2 Student's book pack
978-84-668-1428-7	BEEP 2 Activity book pack
978-84-680-1292-6	2PRI COMPRESION LECTORA
978-84-680-1554-5	2PRI MÉTODO DECA. Resolución de Problemas.

### 3º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

LENGUA	978-84-680-1196-7	3PRI LENGUA CAST. Saber Hacer
LINGUA	978-84-9972-249-8	3PRI LINGUA Saber Facer
MATEMÁTICAS	978-84-680-1286-5	3PRI MATEMATICAS Saber Hacer
CIENCIAS SOCIAIS	978-84-9972-459-1	3PRI CIENCIAS NATURAIS Saber Facer
CIENCIAS NATURAIS	978-84-9972-474-4	3PRI CIENCIAS SOCIAIS Saber Facer
INGLÉS	978-84-668-1010-4	BEEP 3 Student's book pack
INGLÉS	978-84-668-1011-1	BEEP 3 Activity book pack
RELIGIÓN	978-84-680-3265-8	3PRI RELIGION Serie Manantial
Resolución de Problemas	978-84-680-1040-3	3PRI MÉTODO DECA.

### 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

LENGUA	978-84-680-2956-6	4PRI LENGUA Saber Hacer
LINGUA	978-84-9972-616-8	4PRI LINGUA Saber Facer
MATEMÁTICAS	978-84-830-5609-7	4PRI MATEMATICAS Saber Hacer
CIENCIAS SOCIAIS	978-84-9972-714-1	4PRI CIENCIAS SOCIAIS Saber Facer
CIENCIAS NATURAIS	978-84-9972-600-7	4PRI CIENCIAS NATURAIS Saber Facer
INGLÉS	978-84-668-1422-5	BEEP 4 Student's book pack
INGLÉS	978-84-668-1458-4	BEEP 4 Activity book pack
RELIGIÓN	978-84-680-2067-9	4PRI RELIGION Serie Manantial
Resolución de Problemas	978-84-680-1042-7	4PRI MÉTODO DECA.

## 5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA



LENGUA	978-84-680-1057-1	5PRI LENGUA CAST. Saber Hacer
LINGUA	978-84-9972-216-0	5PRI LINGUA Saber Facer
MATEMÁTICAS	978-84-680-1066-3	5PRI MATEMATICAS Saber Hacer
CIENCIAS SOCIAIS	978-84-9972-933-6	5PRI CIENCIAS SOCIAIS Saber Facer
CIENCIAS NATURAIS	978-84-9972-742-4	5PRI CIENCIAS NATURAIS Saber Facer
INGLÉS	978-84-668-0278-9	BEEP 5 Student's book pack
INGLÉS ACTIVIDADES	978-84-668-0858-3	BEEP 5 Activity book pack
RELIGIÓN	978-84-680-3266-5	5PRI RELIGION Serie Manantial
Resolución de Problemas	978-84-680-0979-7	5PRI MÉTODO DECA.

## 6º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

<i>LENGUA</i>	<i>978-84-680-3171-2</i>	<i>6PRI LENGUA Saber Hacer</i>
<i>LINGUA</i>	<i>978-84-9972-497-3</i>	<i>6PRI LINGUA Saber Facer</i>
<i>MATEMÁTICAS</i>	<i>978-84-680-3033-3</i>	<i>6PRI MATEMATICAS Saber Hacer</i>
<i>CIENCIAS SOCIAIS</i>	<i>978-84-9972-440-9</i>	<i>6PRI CIENCIAS SOCIAIS Saber Facer</i>
<i>CIENCIAS NATURAIS</i>	<i>978-84-9972-587-1</i>	<i>6PRI CIENCIAS NATURAIS Saber Facer</i>
<i>INGLÉS</i>	<i>978-84-668-1531-4</i>	<i>BEEP 6 Student's book pack</i>
<i>INGLÉS</i>	<i>978-84-668-1532-1</i>	<i>BEEP 6 Activity book pack</i>
<i>RELIGIÓN</i>	<i>978-84-680-2493-6</i>	<i>6PRI RELIGION Serie Manantial</i>
Resolución de Problemas	978-84-680-1555-2	6PRI MÉTODO DECA.

## MATERIAL ESCOLAR

**PARA 1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

	<i>NOME</i>	<i>Modelo</i>	<i>CANTIDADE</i>	<i>PRECIO APROXIMADO</i>	<i>PRECIO TOTAL APROXIMADO</i>
1	<i>Lapis</i>	<i>STAEDTLER Noris HB 2</i>	6	0.32 euros	1.92 euros
2	<i>Afilalápices</i>	<i>Sacapuntas con depósito marca MAPED</i>	1	0.80 euros	0.80 euros
3	<i>Goma</i>	<i>Milán Modelo 430</i>	6	0.17 euros	1.02 euros
4	<i>Bolígrafo</i>	<i>BIC Modelo Cristal : Azul</i>	1	0.24 euros	0.48 euros
5	<i>Bolígrafo</i>	<i>BIC Modelo Cristal : Verde o Rojo</i>	1	0.24 euros	0.24 euros
6	<i>Tipp-ex</i>	<i>Tipp-ex Micro Tape</i>	1	1.92 euros	1.92 euros
7	<i>Subliñador</i>	<i>FABER CASTELI: Amarillo</i>	1	0.61 euros	0.61 euros
8	<i>Subliñador</i>	<i>FABER CASTELI: Laranxa</i>	1	0.61 euros	0.61 euros
9	<i>Pegamento</i>	<i>Adhesivo en Barra marcas : Pritt 43 gramos ou Imedio 40 gramos</i>	1	2.62 euros	2.62 euros
10	<i>Libreta Cuadriculada Pequeña</i>	<b>Tapas duras. A eleixir entre as seguintes marcas:</b>  ,  , <b>TAURO</b>	1	0.80 – 1.50 euros	0.80 – 1.50 euros
11	<i>Libretas doble pauta Pequeña</i>		4	0.80 – 1.50 euros	3.20 – 6 euros
12	<i>Folios</i>	1 paquete de 100. A4. 80 gr.	1	1.50 – 2 euros	1.50 – 2 euros
13	<i>Ceras Colores</i>	Caja Plastidecor (BIC) de 24 colores	1	4.35 euros	4.35 euros
14	<i>Rotuladores</i>	<i>Estuche Rotulador ALPINO o CARIOCA punta grossa lavable caixa 12 unidades.</i>	1	1.20 – 2 euros	1.20 – 2 euros

15	<i>Celo</i>	Cinta adhesiva transparente <i>marca Tesa</i> ou <i>Apli</i>	1	0.50 - 1 euros	0.50 - 1 euros
16	<i>Tesoiras</i>	Tesoiras escolares	1	Sobre 1 euros	1 euros
17	<i>Carpetas</i>	<b>Carpetas de Cartón y Goma</b> con solapas tamaño folio. Marcas: <i>liderpapel, exacompta, mg.</i>	2	Entre 1.04 y 1.50 euros	3.12 – 4.50 euros
18	<i>Regla</i>	<i>Regla de entre 20 y 30 cm</i>	1	0.40 – 1.20 euros	0.40 – 1.20 euros
19	<i>Fundas plástico</i>	<i>Tamaño folio. Reutilizar la de otros años</i>	10	Años anteriores	-----
20	<i>Archivador</i>	<i>Archivador tamaño folio para clasificar as fundas de plástico</i>	1	Años anteriores	-----
<b>TOTAL</b>					Oscila 26.29 --- 33.77
+ IVA 21%					Oscila 5.53 --- 7.10
<b>PRECIO FINAL APROXIMADO</b>					Oscila <b>31.81 ---- 40.87 Euros</b>
<b>MATERIAL COMPLEMENTARIO REUTILIZABLE DE ANOS ANTERIORES</b>					
1	<i>Fundas plástico</i>	<i>Tamaño folio. Reutilizar la de otros años</i>	10	Años anteriores	-----
2	<i>Archivador</i>	<i>Archivador tamaño folio para clasificar as fundas de plástico</i>	1	Años anteriores	-----
3	<i>Regla</i>	<i>Regla de entre 20 y 30 cm</i>	1	Años anteriores	-----

**PARA 3º, 4º, 5º E 6º EDUCACIÓN PRIMARIA**

	<b>NOME</b>	<b>Modelo</b>	<b>CANTIDADE</b>	<b>PRECIO APROXIMADO</b>	<b>PRECIO TOTAL</b>
1	<b>Lapis</b>	<i>STAEDTLER Noris HB 2</i>	6	0.32 euros	1.92 euros
2	<b>Afilalápices</b>	<i>STAEDTLER Metal</i>	2	0.73 euros	1.46 euros
3	<b>Goma</b>	<i>Milán Modelo 430</i>	6	0.17 euros	1.02 euros
4	<b>Bolígrafo</b>	<i>BIC Modelo Cristal : Azul</i>	4	0.24 euros	0.96 euros
5	<b>Bolígrafo</b>	<i>BIC Modelo Cristal : Verde o Rojo</i>	2	0.24 euros	0.48 euros
6	<b>Tipp-ex</b>	<i>Tipp-ex Micro Tape</i>	3	1.92 euros	5.76 euros
7	<b>Subliñador</b>	<i>FABER CASTELI: Amarillo</i>	1	0.61 euros	0.61 euros
8	<b>Subliñador</b>	<i>FABER CASTELI: Laranxa</i>	1	0.61 euros	0.61 euros
9	<b>Pegamento</b>	<i>Adhesivo en Barra marcas : Pritt 43 gramos ou Imedio 40 gramos</i>	1	2.62 euros	2.62 euros
10	<b>Libreta Cuadriculada</b> <b>Tamaño Folio</b>	<b>Tapas duras. A eleixir entre as seguintes marcas:</b>  ,  , <b>TAURO</b>	3	1.50 – 2 euros	4.50 – 6 euros
11	<b>Libretas una pauta</b> <b>Tamaño Folio</b>		4	1.50 – 2 euros	6 – 8 euros
12	<b>Folios</b>	1 paquete de 100. A4. 80 gr.	1	1.50 – 2 euros	1.50 – 2 euros
13	<b>Lápices Colores</b>	Lápices de Cores Alpino Hexagonales Caixa 18 lápices largos.	1	3.35 euros	3.35 euros
14	<b>Rotuladores</b>	<i>Estuche Rotulador Bic Kid Couleur punta fina lavable caixa 12 unidades.</i>	1	4.50 euros	4.50 euros



15	<b>Celo</b>	Cinta adhesiva transparente <i>marca Tesa</i> ou <i>Apli</i>	2	0.50 - 1 euros	1 - 2 euros
16	<b>Tesoiras</b>	Tesoiras escolares	1	Sobre 1 euros	1 euros
17	<b>Carpetas</b>	<b>Carpetas de Cartón y Goma</b> con solapas tamaño o folio. Marcas: <i>liderpapel, exacompta, mg.</i>	3	Entre 1.04 y 1.50 euros	3.12 – 4.50 euros
<b>TOTAL</b>					<i>Oscila 40.41 ---- 46.79</i>
+ IVA 21%					<i>Oscila 8.49 ---- 9.82</i>
<b>PRECIO FINAL APROXIMADO</b>					<b><i>Oscila 48.90 --- 56.61</i></b>
<b>MATERIAL COMPLEMENTARIO REUTILIZABLE DE ANOS ANTERIORES</b>					
1	<b>Fundas plástico</b>	Tamaño folio. Reutilizar la de otros años	10	Años anteriores	----
2	<b>Archivador</b>	Archivador tamaño folio para clasificar as fundas de plástico	1	Años anteriores	-----
3	<b>Regla</b>	Regla de entre 20 y 30 cm	1	Años anteriores	-----
4	<b>Compás</b>	Solo 5º y 6º	1	Años anteriores	----
5	<b>Transportador</b>	Transportador de ángulos Solo 5º y 6º	1	Años anteriores	-----

## **3. ORGANIZACIÓN DO CENTRO.**

### **3.1.-ESTRUTURA ORGÁNICA.**

#### **3.1.1.-Órganos de goberno e participación.** \_\_\_\_\_

##### Dirección

Director: M<sup>a</sup> Mercedes Iglesias González.

##### Consello Escolar

- Director: M<sup>a</sup> Mercedes Iglesias González.
- Representantes dos maestr@s : Débora Seguíñ Pérez e Josefa Donaire Parada.
- Representantes dos pais-nais: M<sup>a</sup> Nieves Justo Feijoo e Manuela Pía Palomanes.
- Representante do Concello: Eligio Gil Sanmamed

##### Claustro de mestres e mestras

O Claustro de maestr@s está formado por:

- Educación Infantil: Lucía García Rodríguez.
- Especialista en Educación Física: María Mercedes Iglesias González
- Especialista en Música: Débora Seguíñ Pérez.
- Especialista en Lingua Estranxeira-Inglés: Josefa Donaire Parada.
- Formación Relixiosa: M<sup>a</sup> Luisa Ferro López.
- Especialista en AL: Diego Rodríguez Batista.

#### **3.1.2.-Órganos de coordinación docente.** \_\_\_\_\_

Feita a adscripción funcional dos maestr@s, nomeáronse os equipos e coordinadores que quedan reflexados nos seguintes cadros:

❖ **Equipos de Ciclo.**

<b>CICLO</b>	<b>COMPONENTES</b>	<b>COORDINADOR/A</b>
Infantil	M <sup>a</sup> Mercedes Iglesias González Débora Seguíñ Pérez Josefa Donaire Parada. Diego Rodríguez Batista.	Lucía García Rodríguez.

❖ **Equipo de Dinamización da Lingua Galega.**

<b>COMPONENTES</b>	<b>COORDINADOR</b>
Lucía García Rodríguez. Débora Seguíñ Pérez Josefa Donaire Parada. Diego Rodríguez Batista.	<i>M<sup>a</sup> Mercedes Iglesias González</i>

❖ **Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.**

<b>ACTIVIDADES</b>	<b>COMPONENTES</b>	<b>COORDINADOR</b>
<b>Magosto</b>	M <sup>a</sup> Mercedes Iglesias e Débora Seguíñ Pérez	<i>M<sup>a</sup> Mercedes Iglesias González</i>
<b>Nadal</b>	Lucía García Rodríguez e Josefa Donaire Parada.	
<b>Entroido</b>	Diego Rodríguez Batista e Lucía García Rodríguez	
<b>Letras Galegas</b>	Josefa Donaire Parada e Diego Rodríguez Batista.	

❖ **Comisión de Coordinación Pedagógica.**

Segundo establece o Regulamento de Réxime Interno do Centro, e consultado o Claustro de Mestr@s, acordouse continuar na Comisión Pedagógica tódolos mestres e mestras do centro tendo en conta que somos poucos e os temas que se tratan son de interese de todos-as nós.

❖ **Comisión de Coordinación da avaliación individualizada de 3º e 6º de Primaria.**

<i>Compoñentes</i>	M <sup>a</sup> Mercedes Iglesias González Lucía García Rodríguez Débora Seguíñ Pérez Josefa Donaire Parada Diego Rodríguez Batista.
--------------------	---

**3.1.3.- Plan de actuación dos órganos colexiados e do equipo directivo.**\_\_\_\_\_

- Organización do Curso Escolar
- Solicitud de equipamento e mobiliario para as aulas.
- Colaboración coas nais/pais na organización de Actividades extraescolares.
- Nomeamento da encargada de comedor.
- Protocolo de Funcionamento do Comedor.
- Elaboración e aprobación da PXA.
- Renovación dos membros do consello escolar.
- Avaliación Diagnóstica.
- Xustificacións de gastos, contabilidade ano 2019.
- Solicitud de arranxos e mantemento do centro.
- Avaliación do funcionamento dos proxectos en funcionamento no curso.
- Elaboración da Memoria Anual.

### 3.2.-ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO: TITORÍAS E ADSCRIPCIÓN FUNCIONAL.

A asignación de titorías coas áreas que imparte cada titor-a no seu curso, así como a adscripción funcional d@s maestr@s especialistas queda como segue :

<b>MESTRES</b>	<b>TITORÍA</b>	<b>CURSOS NOS QUE IMPARTE CLASE</b>	<b>ÁREAS</b>
<b>M<sup>a</sup> Mercedes Iglesias González</b> (Ed. Física)	Desdobres	1º 2º 3º 4º 5º e 6º de Primaria Desdobra con 5º e 6º	L. Galega, Castelán, Matemáticas e Ed. Física.
<b>Lucía García Rodríguez.</b> (Ed. Infantil)	Infantil	Infantil	Áreas de Infantil (Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal, da Contorna e Linguaxes: Comunicación e representación)
<b>Débora Seguí Pérez</b> (Educación Musical)	1º/2º/ 3º	Infantil, 1º,2º,3º,4º,5º e 6º. Desdobra con 3º e 4º	Matemáticas, Lingua galega, Lingua castelá, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais e Música
<b>Josefa Donaire Parada</b> (L. Extranxeira-Inglés)	4º/5º/ 6º	Ed. Infantil 1º 2º 3º 4º 5º e 6º de Primaria	Matemáticas, Galego e Castelán, Plástica, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais e inglés
<b>M<sup>a</sup> Luisa Ferro López</b>	Relixión	1º 2º 3º 4º 5º 6º e infantil	Formación Relixiosa
<b>Diego Rodríguez Batista</b>	Atención e Reforzo Educativo	1º 2º 3º 4º 5º 6º e infantil	Especialista en AL afín PT
<b>M<sup>a</sup> Ángeles Vicente Gago</b>	Atención e Reforzo Educativo	1º 2º 3º 4º 5º e 6º de Primaria	2 días á semana Especialista en PT

### 3.3. ORGANIZACIÓN DO ALUMNADO

A distribución dos alumn@s por cursos é a que segue:

<b>Educación Infantil</b>	3 anos..... 5 alumno 4 anos..... 2 alumnos 5 anos..... 0 alumnos
<b>1º, 2º e 3º de Ed. Primaria</b>	1º Primaria..... 6 alumnos 2º Primaria.....6 alumnos 3º Primaria..... 3 alumnos
<b>4º, 5º e 6º de Ed. Primaria</b>	4º Primaria..... 3 alumnos 5º Primaria..... 7 alumnos 6º Primaria.....3 alumnos

### 3.4.-ORGANIZACIÓN DOS HORARIOS

Horario Xeral do Centro

#### DE SETEMBRO A XUÑO

MAÑÁ	
1ª CLASE	09,00 – 10,00
2ª CLASE	10:00 – 11:00
<b>RECREO</b>	<b>11:00 – 11:30</b>
3ª CLASE	11: 30 - 12:25
4ª CLASE	12:25 – 13.15
<b>COMEDOR</b>	<b>13:15 – 14:15</b>
5ªCLASE	14:15- 15:00

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO POR PARTE DA DIRECCIÓN.

Tódolos días á primeira hora + mércores a 2ª.

## DÍAS NON LECTIVOS DE LIBRE DISPOSICIÓN

Despois de celebrado o Consello Escolar o día 05 de setembro de 2.019 acórdase por unanimidade solicitar ao Departamento Territorial, como días de libre disposición o día 20 de marzo de 2020 e o 04 de maio de 2.020, pendentos por tanto de confirmación por parte da Xefa territorial.

## HORARIO DO ALUMNADO E DO PROFESORADO

Nas seguintes páxinas axúntanse os horarios dos distintos niveis educativos e os dos mestres e mestras, así como as quendas de vixilancia do patio no recreo da mañá, con quendas de dous mestr@s en cada unha. Salientar que este curso hai desdobramentos nas asignaturas seguintes:

En 3º e 4º en Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas.

### HORARIOS PROFESORADO

M <sup>a</sup> Mercedes Iglesias González- Directora/ Especialidade E.F					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 - 10:00	Dirección	Dirección	Dirección	Dirección	Dirección
10:00 - 11:00	Dinamización da Biblioteca	Matemáticas	Dirección	Garda	Educación Física 4º, 5º, 6º
11:00- 11:30	RECREO				
11:30 - 12:25	Lingua Castelá	Dinamización da Lingua Galega	Dinamización ACE	Lingua Castelá	Lingua Galega
12:25 - 13:15	Educación Física 1º, 2º, 3º	Lingua Galega	Matemáticas	Lingua Castelá	Lingua Galega
13:15 - 14:15		Coordinación Infantil	Programación	Traballo Personalizado	Biblioteca
14:15 - 15:00	Educación Física 4º, 5º, 6º	Lingua Castelá	Matemáticas	Lingua Galega	Educación Física 1º, 2º, 3º
15:00 - 16:00	Titoría				

Lucía García Rodríguez – Educación Infantil					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 – 10:00	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado
10:00 – 11:00	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado
11:00– 11:30	RECREO				
11:30 – 12:25	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado
12:25 – 13:15	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado	Garda	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado
13:15 – 14:15		Coordinación Infantil	Programación	Biblioteca	Traballo Personalizado
14:15 – 15:00	Garda	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado	Psicomotricidade	Garda
15:00 – 16:00	Titoría				

Débora Seguíñ Pérez – Especialidade Música – Titora 1º, 2º, 3º					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 – 10:00	Ciencias da Natureza	Ciencias Sociais	Coord. Comedor	Ciencias da Natureza	Ciencias Sociais
10:00 – 11:00	Matemáticas 1º, 2º, 3º	Matemáticas	Garda	Matemáticas	Coord. Biblioteca
11:00– 11:30	RECREO				
11:30 – 12:25	Lingua Castelá	Música 1º, 2º, 3º	Música 4º, 5º, 6º	Lingua Castelá	Lingua Galega
12:25 – 13:15	Garda	Lingua Galega	Matemáticas	Lingua Castelá	Lingua Galega
13:15 – 14:15		Biblioteca	Traballo Personalizado	Dinamización TIC	Programación
14:15 – 15:00	Plástica 1º, 2º, 3º	Lingua Castelá	Matemáticas	Lingua Galega	Música Infantil
15:00 – 16:00	Titoría				

Josefa Donaire Parada- Lingua Extranxeira- Titora 4º, 5º, 6º



	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 - 10:00	Ciencias da Natureza	Ciencias Sociais	Inglés 4º, 5º, 6º	Ciencias da Natureza	Ciencias Sociais
10:00 - 11:00	<b>Coordinación Sección Bilingüe</b>	Matemáticas	Inglés 1º, 2º, 3º	Matemáticas	Inglés 1º, 2º, 3º
11:00- 11:30	<b>RECREO</b>				
11:30 - 12:25	Lingua Castelá	Inglés 4º, 5º, 6º	<b>Garda</b>	Lingua Castelá	Lingua Galega
12:25 - 13:15	Inglés 4º, 5º, 6º	Lingua Galega	Matemáticas	Lingua Castelá	Lingua Galega
13:15 - 14:15		Programación	Biblioteca	Traballo Personalizado	Sección Bilingüe
14:15 - 15:00	Inglés Infantil	Lingua Castelá	Matemáticas	Lingua Galega	Plástica
15:00 - 16:00	Titoría				

<b>Diego Rodríguez Batista - Especialidade Audición e Linguaxe</b>					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 - 10:00	AL - PT D.	AL - PT D.	AL - PT D.	AL - PT D.	AL - PT D.
10:00 - 11:00	Taller Resolución de Problemas	AL - PT L.	AL - PT L.	Taller de Ortografía e Comprensión Lectora	<b>Elaboración de Material</b>
11:00- 11:30	<b>RECREO</b>				
11:30 - 12:25	AL - PT L.	<b>Coordinación TICS</b>	AL A. (1º)	Apoio Aula 5º/6º	AL - PT D.
12:25 - 13:15	<b>Dinamización da Biblioteca</b>	PT C. (6º)	Apoio Aula 5º/6º	Apoio Aula 5º/6º	AL - PT L.
13:15 - 14:15		Programación	TICS	Traballo Personalizado	Dinamización Biblioteca
14:15 - 15:00	AL L.	AL A. (1º)	AL - PT D.	AL - PT L.	AL - PT D.
15:00 - 16:00	Titoría				

<b>Mª Luisa Ferro López: Especialidade Relixión</b>					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 - 10:00			Relixión 1º, 2º, 3º		

10:00 - 11:00			Relixión 4º, 5º, 6º		
11:00- 11:30	<b>RECREO</b>				
11:30 - 12:25			Relixión 1º, 2º, 3º		
12:25 - 13:15			Relixión Infantil		
13:15 - 14:15	<b>COMEDOR</b>				
14:15 - 15:00			<b>h. itinerancia</b>		

<b>M<sup>a</sup> de los Ángeles Vicente Gago- Especialidade Pedagogía Terapéutica</b>					
	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
09:00 - 10:00	PT A. (1º)			PT L. (2º) ACS de Infantil	
10:00 - 11:00	PT (5º) -(6º) ACS			PT (5º) -(6º) ACS	
11:00- 11:30	<b>RECREO</b>				
11:30 - 12:25	PT A. (5º)			PT A. (5º) ACS	
12:25 - 13:15	PT D. (1º)			PT C. (6º) - PT A. (5º)	
13:15 - 14:15	<b>COMEDOR</b>				
14:15 - 15:00	Itinerancia			PT A. (1º)	

## HORARIO GRUPOS SIMPLES

<b>Educación Infantil</b>					
	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
09:00 - 10:00	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado
10:00 - 11:00	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado
11:00- 11:30	<b>RECREO</b>				

11:30 - 12:25	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado
12:25 - 13:15	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado	Relixión	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado
13:15 - 14:15	<b>COMEDOR</b>				
14:15 - 15:00	Inglés	Traballo Globalizado	Traballo Globalizado	Psicomotricidade	Música

HORARIO 1°, 2°, 3° CURSO					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 - 10:00	Ciencias da Natureza	Ciencias Sociais	Relixión	Ciencias da Natureza	Ciencias Sociais
10:00 - 11:00	Matemáticas	Matemáticas	Inglés	Matemáticas	Inglés
11:00 - 11:30	<b>RECREO</b>				
11:30 - 12:25	Lingua Castelá	Música	Relixión	Lingua Castelá	Lingua Galega
12:25 - 13:15	Educación Física	Lingua Galega	Matemáticas	Lingua Castelá	Lingua Galega
13:15 - 14:15	<b>COMEDOR</b>				
14:15 - 15:00	Plástica	Lingua Castelá	Matemáticas	Lingua Galega	Educación Física

HORARIO 4°, 5°, 6° CURSO					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 - 10:00	Ciencias da Natureza	Ciencias Sociais	Inglés	Ciencias da Natureza	Ciencias Sociais
10:00 - 11:00	Matemáticas	Matemáticas	Relixión	Matemáticas	Educación Física
11:00 - 11:30	<b>RECREO</b>				
11:30 - 12:25	Lingua Castelá	Inglés	Música	Lingua Castelá	Lingua Galega
12:25 - 13:15	Inglés	Lingua Galega	Matemáticas	Lingua Castelá	Lingua Galega
13:15 - 14:15	<b>COMEDOR</b>				
14:15 - 15:00	Educación Física	Lingua Castelá	Matemáticas	Lingua Galega	Plástica

## CALENDARIO DE SUBSTITUCIÓN

HORARIO DE GARDAS					
	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES
09:00 - 10:00	Merchy Dirección	Merchy Dirección	Débora Merchy Dirección	Merchy Dirección	Merchy Dirección
10:00 - 11:00	Josefa	Desdobre	Débora	Merchy	Débora

	Merchy		Merchy Dirección	Lucía	Diego
11:00- 11:30	<i>RECREO</i>				
11:30 - 12:25	Josefa	Merchy Diego	Josefa Merchy	Desdobre	Desdobre
12:25 - 13:15	Diego Débora	Desdobre	Lucía	Desdobre	Desdobre
13:15 - 14:15	<i>COMEDOR</i>				
14:15 - 15:00	Lucía	Desdobre	Desdobre	Desdobre	Lucía

***En caso de necesidade, por falla de profesorado, as clases de apoio, desdobramentos e as horas de dirección serán para facer substitucións.***

## TURNOS DE RECREO

**Curso 2019- 2020**

Sairán dous mestres diferente cada día da semana.

<i>LUNS</i>	<i>MARTES</i>	<i>MÉRCORES</i>	<i>XOVES</i>	<i>VENRES</i>
<i>Débora</i>	<i>Lucía</i>	<i>Mercedes</i>	<i>Diego</i>	<i>Josefa</i>
<i>Josefa</i>	<i>Diego</i>	<i>Débora</i>	<i>Mercedes</i>	<i>Lucía</i>

Ademais a Coidadora M<sup>a</sup> do Carmen López Rodríguez estará no patio todos os días para apoiar ao neno que ten asignado.

### TRANSPORTE ESCOLAR

**Será semanal, e na seguinte orde:**

Mercedes, Lucía, Débora, Josefa e Diego.

Este centro **non cumpre coa compensación horaria** debido ás necesidades do centro.

### 3.5.-ORGANIZACIÓN XERAL DOS ESPAZOS

Para a distribución dos espazos tense en conta dous aspectos :

1.-Situarse na pranta baixa todos os cursos e resto de aulas como a biblioteca, inglés, música, audiovisuais... para poder aforrar calefacción e ter todo habilitado na planta baixa.

2.- Que as aulas dos máis pequenos queden preto dos baños.

A distribución final quedou da seguinte forma :

- **Planta baixa** : aulas de educación infantil e primaria, así como a aula de idiomas e música. Nun lateral e anexo a esta planta atópase o ximnasio.
- **Primeira planta**: aula de relixión, reunións, festas...

### 3.6 .ORGANIZACIÓN DOS SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

#### COMEDOR ESCOLAR

##### PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DE COMEDOR:

#### 1. Usuarios de comedor.

O comedor escolar está utilizado polos 35 alumnos do centro, 7 de Ed. Infantil e 28 de E. Primaria, cociñeira, coidadora e o persoal docente colaborador.

#### 2. Atención ao alumnado usuario do servizo.

Os mestres colaboradores comen no comedor, facendo vixilancia por quendas rotatorias. Tanto a directora como a encargada, participan nestas quendas, tanto para coidar o comedor como para vixiar o patio.

Ao saír das clases (13:15) os alumnos van ao lavabo e lavan as mans. A entrada ao comedor deberá facerse o máis ordenadamente posible e cada alumno/a ocupará o posto que se lle asignou a principio de curso.

Durante a comida non se lles permitirá levantarse ao baño (salvo casos puntuais). Non poden falar a berros.

Os alumnos/as de 4º, 5º e 6º curso de Primaria limpan as mesas e os mestres sérvenas e recóllenas.

Os colaboradores procurarán que os alumnos/as coman os diferentes menús, especialmente os máis pequenos.

Todos os usuarios do comedor deberán manter hábitos hixiénico - alimentarios e de convivencia. Ao rematar o comedor todos os alumnos teñen que lavarse os dentes.

### **3. Encargado de comedor.**

As funcións de encargada de comedor desenvólveas durante este curso escolar o mestre Débora Seguíñ Pérez.

### **4. Elaboración dos menús e dieta equilibrada.**

A dirección do centro xunto coa encargada de comedor e a cociñeira programan os menús de acordo con criterios de alimentación san e equilibrada.

Os menús son expostos no taboleiro de anuncios do centro, ademais quincenalmente envíaselles ás familias a relación de menús coa finalidade de que poidan completar o réxime alimenticio dos seus fillos e fillas.

### **5. Subministracións.**

A encargada de comedor ponse en contacto cos provedores para mercar os alimentos, productos de limpeza... O persoal da cociña recíbeos e proceden ao seu correcto almacenaxe, nas condicións hixiénico e sanitarias oportunas.

### **6. Contabilidade.**

A directora autoriza os gastos e ordena os pagamentos. Por outra banda, a Xunta Económica elabora o presuposto do comedor que presenta para a súa aprobación ao Consello Escolar.

### **7. Tempo de lecer.**

Entre as 13:45 e as 14:15, os alumnos saen ao patio e son vixiados por dous mestres/as.

## ***TRANSPORTE ESCOLAR***

Os seguintes autocares realizan este servicio:

<b>EMPRESA</b>	<b>IDENTIFICACIÓN DA ROTA</b>
UTE SOCIEDAD DE TRANSPORTE	Cualedro, Carzoá, S.Martiño, Montes, Penaverde, Estivadas, Atás
UTE SOCIEDAD DE TRANSPORTE	Cualedro, Vilardelebres, Cabreiro, Novás, Gudín, Vilela, Xironda

## **4. PLANS DE ACTUACIÓN.**

A programación de reunións que se levará a cabo polos diferentes órganos do centro, será, cando menos, a seguinte:

<b><i>Claustro de Mestr@s</i></b>	Mínimo 1 cada 2 meses
<b><i>Consello Escolar</i></b>	1 cada trimestre
<b><i>Comisión Económica</i></b>	1 cada trimestre
<b><i>Equipos de Ciclo ou nivel.</i></b>	1 cada mes
<b><i>Equipo de Dinamización da Lingua Galega</i></b>	1 cada mes
<b><i>Comisión de Coordinación Pedagóxica</i></b>	1 cada mes
<b><i>Equipo de Activ. Complementarias e Extraescolares</i></b>	1 cada 2 meses
<b><i>Comisión de Coordinación da Avaliación Individualizada</i></b>	Ao principio do curso escolar, despois da avaliación

Todas estas reunións serán de carácter ordinario e, en caso necesario, convocaránse as que se consideren oportunas. A súa funcionalidade consiste en levar a cabo accións educativas coordinadas e tomar as decisións pertinentes, sen prexuício de todo aquilo estipulado pola lexislación vixente.

### **4.1.-PROGRAMA ANUAL DO EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

Este equipo será coordinado por M<sup>a</sup> Mercedes Iglesias González.

Ao longo do curso celebraranse catro festas. As festas que acostuma a celebrar o centro son o Magosto, o Nadal, o Entroido e as Letras Galegas. En cada unha delas realizaranse actividades que lle son propias:

- ❖ **Magosto:** realizarase no antigo campo de fútbol se o tempo o permite. En caso contrario, celebrarase no centro.
- ❖ **Nadal:** Organización de actividades coa colaboración de todos os cursos.
- ❖ **Entroido:** Confección de carautas, disfraces e desfile pola aldea.
- ❖ **Letras Galegas:** Festival exclusivamente en galego, confección dun xornal escolar, exposicións e charlas en torno @ homenaxead@.

Ademais prevense realizar diferentes saídas ao entorno e excursións:

- **ESQUIOU:** Programa proposto pola Deputación de Ourense para pasar 3 días en Manzaneda.
- **PARQUE DE AVENTURAS:** existe a intención de realizar unha excursión a un parque de aventuras durante 3 días co alumnado de 4 – 5 - 6 de Ed. Primaria e realizar diversas actividades como: paintball, kayak, carreiras de orientación...

En todo caso, ao longo do curso pódense programar outras saídas que consideremos necesarias. (Aprobado no C.Escolar).

#### 4.2.- PLAN DE POTENCIACIÓN DA LÍNGUA GALEGA.

A lingua maioritaria entre o noso alumnado e as súas familias é o galego.

A lingua vehicular do centro é o galego e, no tocante á lingua empregada nas aulas, dado o contexto no que traballamos, é galego nas materias obrigatorias segundo a lei e, mesmo se amplia a outras.

Os nen@s son iniciados á lecto- escritura no idioma galego, empregando materiais e métodos de lecto-escritura na nosa lingua.

Os *obxectivos específicos* para o presente curso escolar son:

- Transmitir @s nen@s e ás súas familias a idea da riqueza coa que contamos.



- Normalizar o uso da nosa lingua en todos os contextos partindo da idea de que, coñecendo, usando e amando o noso idioma chegaremos a un uso igualitario cos demais, respectando sempre as variables individuais.
- Incidir na discriminación galego/español, fundamentalmente na escrita.
- Investigar sobre a situación lingüística, social e cultural do noso país e reflexionar en torno a estratexias de mellora.

O plan de actividades para este curso é o seguinte:

- Realizar actividades lúdico-didácticas que motiven os máis cativos cara a lectura en galego .
- Elaborar textos motivadores en galego con lendas, refráns, ditos populares, cantos, etc recollidas no entorno.
- Editar un novo número do xornal escolar “Ventos do Larouco”.
- Ampliar a bibliografía da nosa biblioteca (contos da ed. Kalandraka, edicións de diverso material en galego enviado pola Admon., bibliografía d@ homenaxead@ nas Letras Galegas...)
- Mercar material videográfico e xogos informáticos en galego.
- Asistir a Xornadas que xiren en torno á Normalización Lingüística.
- Celebración da “Semana Cultural das Letras Galegas” .

### 4.3.- PLAN SOCIOLINGÜÍSTICO.

#### **Contexto sociolingüístico do centro**

A lingua empregada habitualmente no ámbito familiar é o galego. Pola súa banda, as institucións municipais empregan só o galego nas súas relacións coa cidadanía. Todas as asociacións que funcionan nas aldeas, xa sexan de veciños, culturais, deportivas, ANPA, etc, empregan o galego como lingua de comunicación.

Será obxectivo da área lingüística do centro *acadar que os alumnos/as acaden unha competencia lingüística fluída nas dúas linguas da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Debemos conseguir, a consolidación do galego, sen esquecermos dunha boa adquisición da segunda lingua, o castelán.

Baseándonos nas teorías pedagóxicas que aconsellan un inicio da lecto-escritura na lingua materna, comezaremos nos primeiros anos da etapa da Educación Infantil esta aprendizaxe da lectura e a escritura en galego, e pouco a pouco transferir estas aprendizaxes ao castelán.

### **Obxectivos xerais**

Acadar que o alumno chegue a ser competente lingüisticamente, e sexa quen de comunicarse mellor, entendida esa comunicación no máis amplo sentido posible.

Desenvolver as catro grandes destrezas lingüísticas: falar, escoitar, ler e escribir (é dicir, habilidades orais e habilidades escritas). Para usar a lingua con propiedade.

### **Obxectivos para Educación Infantil**

1. Apropriarse progresivamente nas diferentes linguaxes para expresar as súas necesidades, preferenzas, sentimentos, experiencias e representacións da realidade.
2. Utilizar a lingua como instrumento de comunicación, de representación, aprendizaxe e goce.
3. Comprender as intencións comunicativas e as mensaxes doutros nenos/as e adultos, familiarizándoos coas normas dos intercambios comunicativos.
4. Achegarse as producións da tradición cultural. Comprender, recitar, contar e recrear algúns textos literarios mostrando actitudes de valoración, goce e interese cara eles..
5. Iniciarse nos usos sociais da lectura e a escritura explorando o seu funcionamento e valoralas como instrumento de comunicación, información e goce

6. Iniciar no uso oral dunha lingua estranxeira con intención comunicativa en actividades relacionadas coas situacións habituais da aula, e mostrar interese e goce ao participar nos intercambios.

7. Iniciar no uso dos instrumentos tecnolóxicos, valorando o seu potencial como favorecedores de comunicación, de expresión e como fonte de información e diversificación de aprendizaxes.

8. Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a linguaxe oral e a través doutras linguaxes, elixindo á que mellor se axuste á intención e a súa situación.

### **Obxectivos para a Educación Primaria**

1. Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá.

2. Utilizar a lingua oral de xeito adecuado na actividade social e cultural adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.

3. Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para buscar, recoller, seleccionar, contrastar, transformar e procesar información, como para escribir textos propios do ámbito académico.

4. Usar, en situacións relacionadas coa escola e coa súa actividade, as diversas clases de escritos coa axuda dos cales se produce a comunicación, tanto entre as persoas como destas coas institucións públicas ou privadas.

5. Utilizar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes

6. Utilizar adecuadamente a biblioteca e os seus diferentes departamentos como fonte de recursos variados para o goce e o pracer de ler, así como para a obtención de informacións variadas.

7. Utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal, e aproximarse a obras relevantes da tradición literaria galega para desenvolver hábitos lectores.

8. Comprender textos literarios de xéneros diversos procedentes da literatura infantil e xuvenil galega adecuados en canto á temática e complexidade e iniciarse no coñecemento das convencións específicas da linguaxe literaria.

9. Valorar e estimar a lingua galega como lingua propia como mostra de identidade de Galicia e recoñecer a existencia da diversidade lingüística como feito cultural enriquecedor.

10. Facer uso dos coñecementos sobre a lingua e sobre as normas de uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta e para comprender textos orais e escritos.

## **ACTIVIDADES PERIÓDICAS QUE SE PREVÉ DESENVOLVER**

### ***1º TRIMESTRE***

#### **TALLER DE LECTURA**

- Lectura de contos para a súa representación.
- Lectura de obras de teatro para a elaboración de pequenas representacións teatrais que se levarán a cabo nas seguintes datas:
  - Día da declaración universal dos dereitos humanos
  - Conmemoración do estatuto e autonomía de Galicia
  - Nadal

### ***2º TRIMESTRE***

#### **TALLER DE LECTURA E ELABORACIÓN DE PEQUENOS TEXTOS E POEMAS**

- Lectura de prensa
- Recitado
- Elaboración de pequenas noticias locais, isto levarase a cabo nas seguintes datas:
  - Día da paz
  - Día da muller traballadora

- Día do consumidor
- Día da prensa

### **3º TRIMESTRE**

#### **TALLER DE CREATIVIDADE LITERARIA**

- Elaboración xornal escolar
- Composición de pequenas poesías, contos etc. Referidos a estación da primavera e relacionados coa temática da obra literaria do autor homenaxeado o día das letras galegas, estas actividades faranse en relación as seguintes datas:
  - Día do medio-ambiente
  - Día da árbore
  - Día das letras galegas
  - Día do libro
  - Día da saúde
  - Día de Europa

#### **4.4.- PLAN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN.**

O centro este ano conta cun mestre especialista en A.L. e co orientador do CEIP de Oimbra que serán os encargados do Proxecto de Orientación e tamén de colaborar nos seguimentos da adaptación curricular que temos se ben, para este curso procuraranse levar a cabo as seguintes actividades:

- Coordinación entre o centro e o Orientador de Oimbra.
- Elaboración de propostas metodolóxicas, estratexias educativas e materiais curriculares para tod@s @s nen@s que nun momento dado da súa evolución o precisen
- Participación na elaboración de programacións de ciclo e nivel, así coma nos documentos de RE e ACS se fose preciso e na avaliación.

- Dar publicidade no centro a todos aqueles aspectos que afecten á atención á diversidade (publicacións , artigos, lexislación, informes psicopedagóxicos...)
- Atender e orientar ás familias en torno ó proceso educativo d@s seus fillos e fillas, coa finalidade de manter unha acción educativa coordinada.
- Servir de nexa entre o centro e os servicios sociais da zona.

O plan de actividades para este curso é o seguinte:

- Centralizar o material de apoio que hai no centro nun aula de xeito que poida ser utilizado por todos en calquera momento do proceso de ensino-aprendizaxe (bibliografía, material manipulativo) .
- Utilizar os ordenadores e sitios nesta aula con material lúdico, visual e gráfico para apoiar o labor docente.
- Revisar as propostas de RE levadas a cabo en cursos anteriores e modificar os aspectos que se considere oportunos.
- Manter reunións cos distintos sectores da Comunidade Educativa e elevar distintas propostas aos Órganos de Goberno do centro, sen prexuízo do seu debate no seo da Comisión Pedagóxica.
- Insistir na continuidade da integración educativa como medio de normalización escolar d@ nen@.
- Mercar, dentro das posibilidades do centro, material bibliográfico, manipulativo, informático, videográfico que facilite a adquisición de aprendizaxes e apoio a labor docente.
- Todas aquelas que se considere necesarias para lograr a mellora de condicións e calidade educativa (planificación de apoios nas aulas, elaboración de materiais, búsqueda de información, coordinación con servicios externos ó centro, charlas coas nais ou pais...)

## **4.5.-PLAN DE ACTUACIÓN DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.**

Para este curso escolar propómonos o seguinte:

- ❖ Revisión e actualización do PE, Plan Sociolingüístico, Proxecto lector, Programa de Educación Dixital e PXA realizando un seguimento trimestral desta última.
- ❖ Debater e aprobar ou non as diferentes propostas que acheguen os distintos equipos do centro.
- ❖ Lograr unha maior coordinación entre o profesorado, facendo especial fincapé na atención á diversidade.
- ❖ Coordinar e avaliar o desenvolvemento de actividades comúns a todo o centro.
- ❖ Organizar o uso dos espazos comúns (biblioteca, sá de audiovisuais, sala de xogos e aula de informática).
- ❖ Desenvolver programas comúns en torno aos temas transversais.

## **4.6.- PLAN DA COMISIÓN ECONÓMICA.**

A Comisión Económica está composta por tódolos membros do Consello.

Terá coma finalidade este curso:

- ❖ Revisar o estado de contas do centro.
- ❖ Realizar un proxecto de gastos para o curso escolar.
- ❖ Atender a posibles concursos convocados no DOG ou por outras institucións que puidesen supoñer unha fonte de ingresos ao tempo que unha actividade didáctica.
- ❖ Revisar o estado das contas, realizando un seguimento de ingresos e gastos cada trimestre.
- ❖ Facilitar a revisión das mesmas por parte de calquera membro da Comunidade Educativa.
- ❖ Elaborar a Memoria relativa a ingresos e gastos.

Esta comisión reuniráse, cando menos, unha vez ao trimestre.

## 4.7.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS.

O principio de normalización rexerá o proceso educativo do alumnado con nee. Para elo, a atención á diversidade desenvolveráse no seo do grupo natural, salvo en casos excepcionais (logopedia, por ex).

Sempre que sexa posible o/a alumno/a participará do currículo establecido con carácter xeral. En caso necesario tomaráanse medidas de RE:

- ❖ Apoio individualizado dentro da aula ordinaria e se é necesario fóra dela.
- ❖ Partir da vivenciación e experimentación para que, a través da reflexión, @ nen@ avance nas aprendizaxes significativas
- ❖ Respecto ós ritmos de aprendizaxe.

*No caso d@s alumn@s suxeit@s a ACS teráse en conta:*

- ❖ Utilización de metodoloxía específica que favoreza o constructivismo, experimentación e vivenciación e a reflexión en torno o vivido.
- ❖ Revisión de ACS, alomenos unha vez ao trimestre para valorar a súa adecuación ó proceso de ensino-aprendizaxe d@ nen@.
- ❖ Estreita coordinación entre os docentes implicados na posta en práctica da ACS.
- ❖ Avaliar e deixar constancia de dita avaliación a ACS en todos os seus aspectos, cando menos ao finalizar o nivel educativo.

## 4.8.-PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.

Este curso escolar as actividades que se levarán a cabo son:

### ACTIVIDADES PREVIAS

- ❖ Distribución de titorías
- ❖ Distribución dos expedientes persoais d@s alumn@s nas titorías correspondentes e revisión por parte dos titores.
- ❖ Reunións entre @s docentes para obter información en torno aos nov@s alumn@s .



- ❖ Fixación de titorías con nais e pais e con nenos e nenas, aínda que tendo en conta que a maior parte das nais e pais acudirán ao centro en horario de recreo e serán atendidos.

### PRIMEIRO TRIMESTRE

- ❖ Información, mediante unha circular, sobre o horario de titoría.
- ❖ Información ao alumnado sobre a figura do titor/a
- ❖ Información sobre os obxectivos que pretendemos alcanzar, así como os criterios de avaliación.
- ❖ Avaliación inicial do alumnado.
- ❖ Exposición e debate c@s nen@s das normas do centro, da aula e de convivencia.
- ❖ Reunións dos docentes para estudar medidas de atención á diversidade .
- ❖ Reunións globais d@s titor@s con nais e pais para informar sobre horarios, programación, normas, actividades complementarias e extraescolares...
- ❖ Contactos persoais con nais e pais para informar sobre a evolución d@s seus fill@s e solicitar información e colaboración
- ❖ Reunións de avaliación do 1º trimestre e entrega de notas.

### SEGUNDO TRIMESTRE

- ❖ Dar continuidade ao iniciado no primeiro trimestre.
- ❖ Realizar actividades de información en torno á ESO tanto para nais e pais como para o alumnado de 6º de Ed. Primaria.
- ❖ Levar a cabo programas de interese en función da idade de cada grupo: programas de autoestima, técnicas de estudo, programas informativos sobre temas de interese...
- ❖ Reunións de avaliación do 2º trimestre e entrega de notas

### TERCEIRO TRIMESTRE

- ❖ Dar continuidade ao enunciado anteriormente.

- ❖ Orientación académica para @s nen@s que rematan o terceiro ciclo.
- ❖ Avaliación final do proceso, resultados, profesorado, plan...
- ❖ Información ás nais e pais sobre a avaliación final.

A revisión do plan titorial levaráse a cabo unha vez ao trimestre cando menos.

#### 4.9. PROXECTO LECTOR.

O alumnado chega ao centro con falta de motivación para ler e mesmo para aprender.

##### **Dificultades atopadas**

- Deficiencias nas habilidades asociadas ao proceso lectoescritor: fluidez, comprensión, expresión,...
- Falta de motivación para ler e mesmo para aprender
- Pouca axuda e apoio para as actividades recomendadas polos profesores para realizar na casa
- Escaso número de libros nos fogares que lles animen a ler un conto para se entreter.

##### **Recursos:**

###### **▶ Recursos materiais:**

- Biblioteca de Aula
- Biblioteca do Centro
- Biblioteca do Concello
- Libros de texto e materiais curriculares
- Materiais elaborados por cada mestre ben a nivel individual, ben a través de equipos e comisións

- Medios audiovisuais: ordenadores, Internet, retroproector, vídeo-proector electrónico con pantalla, escáner, camaraweb, impresoras e fotocopiadora.
- Soportes textuais cotiáns: prensa, receitas, carteis, etiquetas, folletos
- Fichas de control de lectura
- Dicionarios

#### ► **Recursos humanos**


- Mestres/as do centro
- Encargada/o de biblioteca
- Todos aqueles ofertados polas distintas administración

#### **Obxectivos Xerais**

- Incluir nos documentos oficiais do Centro as actuacións necesarias para a mellora da competencia lectora.
- Implicar ao conxunto de materias e áreas no desenvolvemento da mellora lectora.
- Enumerar nas programacións didácticas de cada unha das áreas as estratexias necesarias para a consecución da competencia lectora e mailo hábito lector.
- Potenciar o uso de diversas fontes de información, documentación, xéneros discursivos e tipos de texto, en diferentes formatos e soportes.
- Implicar a toda a comunidade educativa creando un clima lector adecuado en todo o centro.
- Facilitar a organización de programas de apoio ou reforzo para fomentar o hábito lector.
- Fomentar actividades relacionadas coa competencia lectora que se leven a cabo no centro, como a atención á diversidade, interculturidade etc.
- Integrar a biblioteca escolar na organización das programacións didácticas nas diferentes materias curriculares.
- Favorecer o uso e goce da biblioteca.


- Desenvolven aprendizaxes autónomas a través da investigación.
- Constituir o ámbito adecuado no que os alumnos adquiran as capacidades necesarias para a información.
- Colaborar con bibliotecas, institucións, asociacións, organizacións cuxa finalidade sea a dinamización e o hábito lector.
- Fomentar no contexto familiar e cultural estratexias de sensibilización sobre a biblioteca escolar.

A dinamización da biblioteca de centro e de aula



A importancia da biblioteca de aula

Dentro do Proxecto Lector a biblioteca de aula cumpre unhas funcións específicas citando entre elas a de informar, formar e recrear así como afeccionar aos nenos/as á lectura. Non debemos conformarnos coa existencia da biblioteca de centro, que ten unhas características peculiares que a diferencian da biblioteca de aula, xa que esixe un maior fondo documental, máis variedade e a dedicación dunha ou varias persoas para o seu bo funcionamento.



A **organización da biblioteca** de aula é distinta á do centro, sendo ambas as dúas de grande importancia. Así:

- 1) A biblioteca de aula é moito máis reducida e os libros van dirixidos a nenos/as dunha mesma idade, ou nenos/as cunhas mesmas necesidades, características e intereses similares.
- 2) Os docentes deberán coñecer a psicoloxía evolutiva dos nenos/as, tendo en conta a idade, que é un factor fundamental na colocación dos libros para elo os nenos/as que aínda non saben ler e aínda non desenvolveron o gusto pola lectura débense expoñer os libros de forma que poidan ver as súas portadas, sempre que sexa factible, e en función do espazo do que dispoñamos. Desta forma a cor e o atractivo dos debuxos suscitará a curiosidade dos nenos/as atraendo a súa atención.
- 3) É importante que os libros sexan visibles e accesibles podendo dispoñer de eles no momento que desexen.
- 4) O recanto da biblioteca debe ser atractivo e motivador debendo coidar a súa decoración. Este debe ser tranquilo e atractivo onde colocar os libros. Os nenos/as poden ir a ese lugar a manipularlos, miralos e interpretalos así como a producir os seus propios contos e libros.
- 5) Unha alfombra e uns coxíns serven para delimitar o espazo e invitar aos nenos/as a unha actitude relaxada e atenta. Igualmente poderase dispor destes ambientes en algún espazo común do centro, no que se propicie a comunicación con outros nenos/as do centro educativo e con outros adultos (como os pais, nais e titores legais, outros alumnos/as do centro educativo,...)
- 6) En canto aos libros que teñen na biblioteca de aula, deben ser adecuados aos nenos/as aos que vai dirixido e haberá que conseguir unha variación dos temas e tipos de libro (recreativos, informativos, formativos) libros de contos, carácter documental e de referencia didáctica.

- 7) Os docentes deberán encargarse de rexistrar os libros, controlar os préstamos que se efectúen e orientar aos alumnos/as na elección dos mesmos.
- 8) A biblioteca de aula axuda a que o neno/a se acostuma a manexarse nunha biblioteca pública adquirindo as seguintes funcións:
  - a. Formativa.
  - b. Informativa.
  - c. Recreativa.

### **Actividades Innovadoras para a animación á lectura**

*Na etapa de Educación Infantil:*

É preciso destacar que estas actividades que se explicitan a continuación están referidas a etapa de Educación Infantil, as actividades e metodoloxía que se empregue e de carácter cíclico e globalizador, de tal maneira que estas actividades serán empregadas en diferentes etapas educativas adaptándose sempre as características individuais de cada un dos nenos/as atendendo a súa diversidade, servindo ao mesmo tempo como os coñecementos previos que teñen os alumnos/as producíndose desta maneira un aprendizaxe significativo e funcional baseado nunha metodoloxía que se atopa coordinada non só horizontal senón tamén verticalmente. Así propoñemos as seguintes actividades:

*Traballar o enriquecemento lingüístico* como unha importante ponte entre a linguaxe falado e a lectura e escritura de textos. Aplicaremos programas e ou actividades de enriquecemento e adestramento lingüístico como:

- Xogar coa linguaxe, facer versos, pareados ou rimas,...
- Fantasiar cos sons.
- Desenvolver a percepción e conciencia da linguaxe falada.
- Desenvolver o vocabulario.

- Desenvolver os coñecementos lingüísticos a través das narracións, contos, historias e vivencias,...
- *Crear un ambiente onde as letras formen parte importante da aula e do centro educativo.*
  - As mensaxes escritas estarán presentes sempre que sexan posibles sen ter unha carga excesiva.
  - O neno/a experimentará a súa interacción coa linguaxe escrita como algo estimulante e gratificador ligado a súa vida, percibindo as mensaxes escritas como un medio de comunicación que lle permita expresarse e comprender aos demais.
  - Toda mensaxe escrita debe ser significativa e comprensible.
  - As palabras deben percibirse como un todo claramente diferenciado do resto dos signos, letras e sílabas.
  - Os signos de puntuación estarán incluídos na palabras.
- *Actividades de lectura* onde as imaxes, láminas, rótulos, ... sexan significativas.
- *Realización de exercicios prácticos* que permitan ir discriminando as letras, sílabas, palabras, ... do resto do que non pode ser lido.
- *Actividades de recoñecemento de palabras moi significativas*, utilizando para elo os contos da biblioteca tanto do centro coma da aula.
- *Exercicios* que favorezan a direccionalidade no espazo, a aprendizaxe de conceptos básicos, mobilidade e control visual, coordinación óculo manual, motricidade fina e grossa, ... utilizando para elo libros, revistas, carteis así como calquera material que resulte motivador e significativo para os nenos/as sendo funcionais.
- *Os materiais utilizados son variados* podendo destacar libros da literatura infantil como aqueles libros que non foron escritos para nenos/as pero que posteriormente



foron adaptados para eles, a literatura infantil creada especificamente para os nenos/as da etapa de educación infantil (Collodi ou Luís Matilla) e por último a literatura instrumentalizada como aqueles contos que baixo un centro de interese desenvolvan as diferentes accións dun personaxe común.

- *A utilización de libros de imaxes* (caracterizado pola súa función motivadora centrando o interese e a atención dos nenos/as, a importancia da imaxe como elemento substitutivo das palabras e complementaria reforzando ao texto que acompaña), libros xoguete, libros sorpresa,... baseados máis no carácter didáctico que literario.
- *A utilización de adiviñas* (acompañadas de soportes visuais), poemas e outros xogos orais. A través deles desenvólvense actividades lúdicas para os nenos/as acompañados de aspectos como a mímica que servirán non so como aspecto motivador senón tamén para desenvolver a expresión corporal e a psicomotricidade entre os máis relevantes.
- A selección que se faga debe caracterizarse por factores como a de entreter e divertir aos nenos/as.
- *Importancia dos distintos recursos literarios* como: as adiviñas (aguzando a súa intelixencia así como o desenvolvemento da creatividade), os trabalinguas (perfeccionando a súa dicción), as retahílas (desenvolvendo o ritmo), as cancións (iniciando aos nenos/as na educación musical) e os contos breves (facéndoos rir e pensar).
- *Desenvolvemento a través dos contos* de: a expresión oral (conversacións, comentario das imaxes, aumento de vocabulario, pronuncia,...), experiencias prelóxicas (formando conxuntos de elementos, relación dos diferentes elementos que participan nos contos,...), percepción auditiva e visual (preguntando sobre os diferentes sons e cores que se poden identificar), a creatividade (continuando a

historia, invención dunha nova...)e a expresión corporal (imitación de movementos dos distintos personaxes).

- Establecer unha *adecuada selección dos contos* tanto para a biblioteca de aula como para a do centro educativo tendo en conta factores como: a imaxe, as cores (vivas, brillantes, variadas,...), ilustracións adecuadas e adaptadas para a idade dos nenos/as, as imaxes garden unha estreita relación co texto ao que acompañan, as imaxes deben predominar sobre a letra sobre todo nestas primeiras idades, a letra debe ser grande e facilmente lexible.

*Ilustrar o conto:*

- Despois de escoitar a narración pedímoslle aos nenos/as que debuxen o conto (escenas, personaxes,...).
  - Os máis pequenos debuxan o personaxe que máis lles gusta. Máis adiante debuxan unha escena importante ou varias á vez, dando así unha interpretación máis detallada do conto.
  - Cos maiores pódese ilustrar un conto entre todos, debuxando as distintas escenas e facendo un mural con todos os debuxos.
- *Realizar murais*, para elo pódese dividir o conto en tantas escenas como nenos/as haxa na aula ou indicar a cada un dos grupos que escena deben debuxar. Unha vez que están feitos todos os debuxos pódese poñer un texto que acompañe a cada unha das viñetas.
  - *Facer cómics* a partir do conto, na que cada un dos nenos/as debuxará entre 4 ou 6 viñetas intentando que desenrolen o seu propio estilo.
- 
- *Móbiles*.

- En cartolina, os nenos/as debuxan os personaxes e os elementos do decorado, recortándoos e construíndo un móbil que colgaremos na clase. Desta maneira o conto ten vida entre os nenos/as.
- *Dramatizacións.*
  - A representación do conto favorece, ao igual que os comentarios realizados con posterioridade polos docentes sobre o conto favorecendo a interiorización do mesmo. Pode facerse con disfraces ou sen eles, pero sempre procurando deixar libre a espontaneidade dos nenos/as e estimulando a expresión corporal, a expresión oral e a creatividade.
- *Inventar contos.*
  - Encamiñase a desenvolver a creatividade.
  - *Técnicas de RODARI:*
    - O binomio fantástico.
    - Que pasaría se? plantexando situacións sobre situacións inverosímiles ou fantásticas.
    - Serie de palabras, evocando un conto coñecido no que se introduce un elemento que rompe a serie común do conto.
    - E despois que? para que continúen o conto.
    - Ensalada de fábulas, inventando un conto no que interveñen personaxes de contos coñecidos polos nenos/as.
    - Continuar a historia, onde o docente comeza a contar unha historia pero nun momento determinado detense e lle pide aos nenos/as que a continúen, inventando así un conto entre toda a clase.
- *Montaxes audiovisuais.*

- Neste caso o conto acompáñase de diapositivas e dunha gravación na que aparece música, efectos especiais (DIAPORAMA),... os nenos/as pola súa parte poden realizar diapositivas sinxelas e os docentes aquelas que sexan máis difíciles.
- *Banda de opacos.*
  - Nun rolo de papel de embalar débúxase o conto, pasándoo por un proxector de opacos.
- *Monicreques.*
  - O conto represéntase utilizando para elo monicreques que os mesmos nenos/as poden construír debuxándoos sobre unha cartolina ou taboleiro con un calcetín, con material de refugallo, nos propios dedos, con madeira,...
- *Sombras chinesas*
  - Poden facerse ben con bonecas para sombras ou co propio corpo, un foco e unha pantalla. O texto do conto pode ser recitado por un narrador ou ben cada un dos nenos/as dirá a parte do diálogo que lles corresponde a cada un dos seus personaxes.

### ***Actividades innovadoras para a animación a lectura en primaria***

- a. A ***hora máxica***, na que se introducirá dentro do horario semanal os momentos para a lectura de libros. É interesante, sobre todo cos nenos/as máis pequenos que as persoas que lles conten os contos cambien podendo ser os familiares ou outros membros da comunidade educativa.
- b. Os ***investigadores dos contos***, tendo un carácter de proxecto de investigación baseado na busca de información a través dunha temática común como a busca de lendas, contos de animais, fantásticos,... para a realización desta actividade utilizaremos non só os recursos materiais que temos na biblioteca de aula e de centro senón tamén a través dos medios de información e comunicación.

- c. **Contactos cos membros da comunidade educativa** para que participen na narración de contos e lendas de orixe tradicional. Os alumnos/as poden gravalas ou recompilalas as que serán acompañadas de diferentes ilustracións sendo o último aspecto a recompilación de todos eles en libros que formarán parte da biblioteca de centro educativo.
- d. **Exposicións de portadas**, na que os docentes escollerán diferentes portadas e fará que os nenos/as constrúan a historia que a eles lles suxira. A última fase consistirá en ler o libro orixinal e o que eles fixeron.
- e. **Visitas a librerías, charlas con bibliotecarios, con autores ou persoas relacionadas co mundo do libro.**
- f. Actividades na que a actividade consista *na lectura colectiva do libro seleccionado* pola maioría da xente tendo en conta as recomendacións dos mestres, sendo recollido no Proxecto Lector do Centro; unha vez seleccionado e lido o libro procédese a comprensión do mesmo (personaxes, estrutura, lugares, contidos, vocabulario, estrutura sintáctica, ideas fundamentais,...); traballo.
- g. Os alumnos/as de 5º e 6º de Primaria traballan contos que deben de lelos aos nenos/as de educación infantil, posteriormente analizaranos e farán un resumo dos mesmos. Os contos poden servir de unidades globalizadas para traballar diferentes contidos de cada un dos diferentes ciclos das etapas educativas.
- h. Copiar parte do conto que traballaron ou escribir o resumo do mesmo en grandes cartolinas que lles colocarán por diante e por detrás convertendo aos nenos/as en nenos/as anuncios. As cartolinas poden ser tamén utilizadas para narrar os contos aos nenos/as máis pequenos e decorar espazos comúns como a biblioteca ou corredores.
- i. Traballos de investigación e de análise de cada un dos roles dos contos. Para elo:

Os alumnos/as de 5º e 6º de Educación Primaria levarán a cabo unha investigación dos contos tradicionais utilizando para elo as novas tecnoloxías da información e da comunicación.

Elaboración de informes de cada un dos autores, libros, personaxes dos contos...

Análise dos distintos roles de cada un dos personaxes dos contos que se van lendo e traballando.

Traballan a bibliografía e a autobiografía.

Inventar novos roles para cada un dos personaxes.

Estes traballos elaborados polos alumnos/as son expostos en grandes paneis situados en diferentes dependencias da escola (biblioteca, corredores, comedor, aula de informática, aulas de infantil, aulas de primaria,...). Con estas actividades preténdense chamar a atención do resto do alumnado e motivalos para aprender a escribir. Os docentes elaborarán un espazo dentro de cada unha das aulas, tendo un carácter modificable e itinerante sobre un tema determinado (recantos con diferentes centros de interese para desenvolver diferentes proxectos).

#### **4.10.- PROXECTO EXPERIMENTAL DE ANTICIPACIÓN DA PRIMEIRA**

##### **LINGUA ESTRANXEIRA.**

Seguiremos este curso escolar co proxecto experimental da 1ª lingua estranxeira en Educación Infantil. En vista dos resultados acadados, pretendemos continuar co plan nos vindeiros cursos.

##### Obxectivos

- ❖ Familiarizarse cunha nova lingua e, por extensión, coa súa cultura, desenvolvendo actitudes de respecto cara a mesma.
- ❖ Iniciarse no estudo do inglés como punto de apoio para un maior aproveitamento en cursos posteriores.

- ❖ Crear un clima lúdico e agradable na aula onde o/a alumno/a sexa o principal protagonista activo.
- ❖ Comprender e empregar fórmulas básicas de comunicación social.
- ❖ Empregar recursos non lingüísticos para entender unha mensaxe e para facerse entender.
- ❖ Reproducir, memorizar e dramatizar textos rítmicos e musicais: poesías, cancións...
- ❖ Relacionar o significado, a pronunciación e representación gráfica das palabras.
- ❖ Traballar contidos relacionados cos seus centros de interese: familia, escola...

### Metodoloxía

A metodoloxía basearase fundamentalmente na lingua oral, sendo o/a neno/a o protagonista activo en todo momento. As actividades relacionaranse co seu entorno próximo, favorecendo as necesidades comunicativas que un cativo desta idade tería nun país de fala inglesa. Neste senso, o xogo, debuxo, audicións, cancións... serán os medios principais para conseguir os obxectivos plantexados.

#### **4.11.- SECCIÓN BILINGÜE.**

Como en anos anteriores temos concedida a sección bilingüe nos cursos 5º e 6º de primaria, no que se dará a materia de plástica en inglés.

#### **4.12.- PROGRAMA DE EDUCACIÓN DIXITAL.**

Desde o Centro debemos ser capaces de preparar aos alumnos para que saiban dominar estas tecnoloxías, polo que debemos integralas na nosa labor docente.

As TIC posibilitan a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe servindo de elemento fundamental para reforzar as distintas materias do currículo.

Deben servir para que se creen uns novos procesos de ensino-aprendizaxe que muden os tradicionais papeis do alumnado e do profesorado.

É necesario dotar ao alumnado duns coñecementos importantes sobre as TICS para que poidan desenvolverse axeitadamente coas mesmas. Isto pode conseguirse mediante o tratamento de conceptos propios da Informática que estarán incluídos nas distintas materias, promovendo un uso continuado da aula de Informática do Colexio.

## **CONTEXTO**

O CEIP “Vicente Risco” de Cualedro acolle a un alumnado predominantemente rural e de alta montaña procedentes de familias dun nivel socioeconómico e cultural que, en xeral, non ofrecen un contexto axeitado de acompañamento académico nin de motivación.

Ademáis, non todos teñen acceso ás novas tecnoloxías, ben sexa o acceso a internet ou a ter un ordenador para poder manexar.

## **OBXECTIVOS**

### **Os mestres.**

- Integrar de xeito efectivo a PDI no traballo diario e todas as áreas.
- Adquirir os coñecementos informáticos para poder facer uso didáctico das TIC en todas as áreas que imparte.
- Solucionar os problemas técnicos elementais, máis comúns, que se presenten nos equipos informáticos.
- Utilizar a rede como medio de formación permanente:
  - Realización de actividades de teleformación.
  - Búsqueda de recursos para a aula.
  - Intercambios de experiencias con outros centros e compañeiros.
  - Participación en redes profesionais
- Publicar na páxina web do centro certos traballos realizados e experiencias levadas a cabo: revista escolar, fotos de actividades, proxectos educativos, saídas...
- Modificar elementos do currículo, para adoptar medidas innovadoras



na práctica cotiá.

- Crear material didáctico en formato dixital, usando ferramentas sinxelas de autor.
- Fomentar a investigación dos recursos informativos de internet e o traballo en equipo mediante o emprego de miniquist e webquest.
- Elaborar materiais didácticos para o emprego da PDI.

### **Os alumnos.**

- Coñecer e utilizar as ferramentas informáticas básicas que lles permitirán usar as TIC no proceso de aprendizaxe:
  - Sistema operativo
  - Software educativo
  - Procesador de textos
  - Acceso a Internet: navegación, correo, chats, foros...
- Empregar técnicas de traballo intelectual: resúmenes, esquemas, mapas conceptuais, memoria comprensiva...
- Realizar traballos persoais nos que sintetice a información obtida.
- Potenciar a autonomía na aprendizaxe: aprender a aprender.
- Analizar criticamente a información que reciben, descartando o material non adecuado, así como o accesorio e irrelevante.

### **A comunidade educativa.**

Abrir o uso das TIC dispoñibles.

### **OBXECTIVOS GLOBAIS DO CENTRO**

Co presente proxecto queremos acadar os seguintes obxectivos globais:

- Usar a informática como ferramenta didáctica no labor docente, incluíndoa dentro das nosas estratexias no proceso ensinanza - aprendizaxe
- Sistematizar o uso dos recursos informáticos como apoio e reforzo.

- Continuar o proceso de formación do profesorado no coñecemento e uso de programas e recursos educativos de Internet.
- Desenvolver no alumnado o uso crítico das TIC como medio para acceder á información, coñecementos e servizos, avaliando as vantaxes, inconvenientes ou limitacións.
- Colaborar coa comunidade educativa no coñecemento das TIC e o seu uso educativo.
- Crear e manter a páxina web propia.

### **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE MEDIANTE AS T.I.C**

A atención á diversidade constitúe unha das principais aspiracións da Educación obrigatoria e un dos principios xerais que a LOE establece.

Pretende que a intervención educativa se axuste gradualmente ás diferenzas individuais dos alumnos, polo tanto, as medidas de atención á diversidade son basicamente medidas de **individualización** e **personalización** do ensino.

Os alumnos con necesidades educativas especiais necesitan programas e recursos individualizados para crear un entorno de aprendizaxe axeitado. En ocasións os mestres e as mestras, pódense encontrar con situacións difíciles, nas que a falla de recursos pode impedir a verdadeira integración do alumno/a. Co alumnado con necesidades educativas especiais poderanse utilizar tanto aqueles recursos que favorecen a comunicación como os programas e servizos telemáticos con fins instrutivos. Dependerán das características e posibilidades de comunicación do alumno concreto, das súas necesidades e intereses.

#### ***No noso centro temos:***

Alumnos cunha falla de motivación e interese pola actividade escolar, alumnos con problemas de aprendizaxe e un alumno con problemas de fala.

O **aumento da motivación** e **adaptación do aprendizaxe** ao ritmo e coñecementos dos alumnos, son dúas das vantaxes básicas que aporta o uso do

ordenador nos procesos de ensinanza- aprendizaxe.

En xeral, os programas informáticos que reúnan as dúas condicións expostas anteriormente, poden ser utilizados con alumnos que presenten problemas de aprendizaxe ou situacións sociais desfavorecidas, non necesitándose, en principio, un software específico para os mesmos. Nembargantes, nestas ocasións, ten moita importancia a selección adecuada do software, que debe adaptarse ás condicións e necesidades destes alumnos, para que produza os efectos desexados (aumento da motivación no aprendizaxe, adquisición de coñecementos, destrezas e aumento da autoestima).

Para o alumno con problemas de fala o emprego das TIC será igual que cos demais, pero centrándose máis con el nos traballos en grupo, para favorecer así a comunicación.

### **ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS**

Dentro do plan intégrase todo o profesorado do centro, exercendo como coordinador o mestre de música (director).

Todo o profesorado está interesado nas novas tecnoloxías, polo que están sempre dispostos a realizar calquera tipo de actividades de formación relacionadas coas TIC.

Tódolos mestres teñen coñecementos de informática e internet básicos.

Na actualidade o CEIP “Vicente Risco” conta cos seguintes medios:

- diversos ordenadores nas aulas.
- 1 ordenador en dirección.
- 2 ordenador na sala de Mestres.
- 6 ordenadores portátiles.
- 6 canóns de proxección.
- 6 pantallas dixitais.
- 3 impresoras láser.
- 1 scáner

- 1 cámara fotográfica dixital.
- 1 fotocopiadora.

Que se quere empregar para cambiar a maneira de emprender o proceso de ensino-aprendizaxe.

Facer mención de que a maioría dos equipos informáticos non son recentes, polo que non se poden realizar moitas tarefas da mesma maneira que con equipos de última xeneración.

#### 4.13. PLANS PROXECTA.

##### *PROXECTO “PDC (proxecto deportivo de centro) - CENTROS ACTIVOS E SAUDABLES ”.*

Co seguinte proxecto o noso centro busca promover a actividade física a través dunha acción de carácter lúdico, transversal, divertida e ao mesmo tempo sumar máis cantidade de exercicio físico para achegarnos ao que recomenda a Organización Mundial da Saúde.

A nosa intención é que o noso alumnado consiga incorporar a actividade física como un hábito da súa vida cotiá.

A través da coordinación das áreas de E.F, Música e Ciencias da Natureza e apoiados polo resto de profesorado pretendemos involucrar de forma activa ós nenos e nenas do CEIP Vicente Risco de Cualedro na actividade física. Buscando que adquiran esta como un hábito de vida cotiá, favorecendo así a mellorar o seu estilo e calidade de vida.

Ademais búscase enriquecer o seu coñecemento sobre a educación física e que a través dela poidan achegarse a novos xogos, actividades e deportes. Sen esquecermos por suposto, dos xogos populares e tradicionais propios da súa Comunidade Autónoma e da súa zona máis próxima.

A actividade física debe ser practicada como un xogo, de forma individual ou en grupo, interaccionando cos compañeiros e dun xeito habitual. Se logramos que os nenos estean en movemento, ao mesmo tempo que se divirten reportaralle grandes beneficios.

As vantaxes de practicar exercicio son tanto físicas como emocionais.

## **BENEFICIOS DO PROXECTO**

Oito beneficios que podemos destacar da práctica habitual da actividade física dende a infancia son:

1. O neno relacionase cos seus semellantes, o que o fai máis colaborador e menos individual, recoñecendo e respectando aos seus compañeiros.
2. O neno/a aprende a superar a timidez, e amplían os seus mecanismos de relación social e a seguridade e confianza en si mesmo.
3. A actividade física pode frear os impulsos excesivos dos nenos/as que inda non saben controlar o exceso de nervios ou de enerxía.
4. Produce unha mellora e un aumento das posibilidades motoras do neno, movementos coordinados, forza.
5. A actividade física contribúe a unha adecuada maduración do sistema muscular e esquelético. Os cales son a base para un crecemento adecuado.
6. Potencia a creación de hábitos saudables, dende a propia práctica do exercicio a unha alimentación sa ou unha adecuada hixiene corporal.
7. Xunto a unha dieta equilibrada, a actividade física diaria regula o peso corporal, evitando asía a obesidade (un dos principais problemas da infancia actual).
8. Mellora as funcións cardiovasculares e prevé determinadas enfermidades dexenerativas como a arterioesclerosis.

## **OBXECTIVOS**

### **Obxectivos de participación**

Motivar a comunidade educativa a participar na educación para a saúde.

Fomentar a participación.

Conseguir unha estrutura organizativa que garanta unha participación real, na que o alumnado detecta problemas, busca as causas, propón melloras e asume responsabilidades, eles deciden o que se fai no centro no marco da educación para a saúde.

### **Obxectivos de organización do Centro**

Tentaremos introducir a filosofía da educación transversal no proxecto educativo.

### **Obxectivos Curriculares**

- Traballar aspectos da educación para a saúde nalgunhas unidades didácticas das programacións das áreas e materias.
- Correlacionar o desenvolvemento da educación ambiental coas competencias clave especialmente a “Social e cidadá”, “Conciencia e expresións culturais” e “Autonomía e iniciativa persoal”
- Facer referencias metodolóxicas á interdisciplinariedade, aprendizaxe colaborativo, didáctica específica...
- Incrementar a participación do alumnado en diferentes actividades físicas.
- Transmitir hábitos, actitudes e valores como a tolerancia, o respecto, o esforzo, ou a cooperación.
- Apreciar a actividade física para o benestar, manifestando unha actitude responsable cara un mesmo e as demais persoas e recoñecendo os efectos do exercicio físico, da hixiene, da alimentación e dos hábitos posturais sobre a saúde.
  - Participar en actividades físicas compartindo proxectos, establecendo relacións de cooperación para acadar obxectivos comúns, resolvendo mediante o diálogo os conflitos que puideran xurdir e evitando discriminacións por características persoais, de xénero, sociais e culturais.

- Asegurar que os/as escolares incrementen a cantidade diaria de actividade física de calidade dentro do currículo, cumprindo así os obxectivos mínimos propostos pola OMS, a UE e os gobernos do Estado e Galego.

### PROXECTO “SUSTENTABILIDADE E PAISAXE”.

Co fin de seguir sensibilizando a toda a comunidade educativa dos diferentes problemas medioambientais que existen no noso entorno próximo, así como de fomentar o hábito de toda a comunidade de cara a reciclaxe imos este ano a continuar con este proxecto educativo.

Na realización deste participarán a totalidade do alumnado, todo o persoal non docente e a totalidade dos mestres.

Levarémolo a cabo ao longo de todo o curso escolar.

Temos creada unha comisión de xestión de residuos, puntos de reciclaxe no centro, seguimos co estudo dos resíduos xerados, participando en distintos talleres de reciclaxe.

## **OBXECTIVOS**

### **Obxectivos de participación**

Motivar a comunidade educativa a participar na educación ambiental

Fomentar a participación

Conseguir unha estrutura organizativa que garanta unha participación real(o alumnado detecta problemas, busca as causas, propón melloras e asume responsabilidades, eles deciden o que se fai no centro no marco da educación ambiental.

### **Obxectivos de organización do Centro**

Tentaremos introducir a filosofía da educación transversal no proxecto educativo

### **Obxectivos Curriculares**

Traballamos aspectos da educación ambiental nalgunhas unidades didácticas das programacións das áreas e materias

Correlacionamos o desenvolvemento da educación ambiental coas competencias clave especialmente a “Social e cidadá” e “Autonomía e iniciativa persoal”

Referencias metodolóxicas á interdisciplinariedade, aprendizaxe colaborativo, didáctica específica...

### *PROXECTO “ALIMÉNTATE BEN”.*

Na actualidade distintas fontes de ámbito estatal deron a coñecer a súa preocupación pola deterioración da calidade da oferta alimentaria na contorna do alumnado debido a razóns socioeconómicas de distinto tipo. Este feito obriga a incidir, na medida do posible, nos hábitos alimentarios do alumnado co fin de paliar os efectos que esta deterioración pode causar no seu proceso evolutivo. Ademais cómpre ter en conta que as franxas de idade comprendidas dentro do período escolar obrigatorio son especialmente sensibles a riscos para a saúde que teñen a súa orixe en desequilibrios alimentarios. Entre outras, a malnutrición derivada de patoloxías como a obesidade infantil ou os trastornos do comportamento alimentario, como a anorexia nerviosa ou a bulimia.

A existencia de programas de ámbito autonómico que teñen como obxectivo a prevención deste tipo de riscos (ex. Plan Xermola en Sanidade, os programas de distribución de produtos do FOGGA...) aconsella o desenvolvemento deste programa nos nosos centros educativos.

### **OBXECTIVOS**

O obxectivo do programa é traballar a alimentación saudable de xeito integral naquelas iniciativas institucionais encamiñadas á promoción de determinados produtos alimenticios (como a froita, os lácteos e os produtos do mar). O desenvolvemento do proxecto deberá favorecer o coñecemento da contorna a través das experiencias sensoriais, a familiaridade e o coñecemento dos alimentos que compoñen o noso patrimonio alimentario así como o fomento das eleccións alimentarias saudables a través da educación como consumidores responsables.



## Obxectivos Curriculares

Para acadar o obxectivo xeral, o programa posúe unha modalidade específica para Educación Infantil e Primaria: "Xermoliño". Nesta modalidade propóñense accións encamiñadas a:

- ☆ Coñecer as necesidades alimenticias por grupos de idade, por nivel de actividade física...
- ☆ Realizar actividades prácticas cos produtos alimenticios.
- ☆ Interpretar a información da etiqueta nutricional no momento da compra.
- ☆ Analizar a oferta alimentaria do contorno do centro educativo (comedor, merendas, etc.).
- ☆ Reflexionar sobre as mesaxes publicitarias que proceden do ámbito da alimentación.
- ☆ Elaborar propostas de mellora respecto da oferta alimentaria no contorno do alumnado.

Ademais, o centro complementa o obxectivo principal coa promoción do consumo de determinados produtos alimenticios na dieta escolar. Así pois, a través das modalidades "Froita na escola" e "Lácteos na escola" o centro accede a axudas que lle permiten aumentar a inxesta dos devantidos alimentos durante o horario lectivo (e sempre a maiores das inxestas recibidas no comedor escolar). Para completar o obxectivo desta acción de distribución de alimentos, é imprescindible promover actividades de aula e de centro que favorezan o coñecemento dos beneficios destes produtos (propiedades alimenticias), que favorezan o achegamento e a familiaridade co alumnado con eles (a través da manipulación, cata, cociñado...) e que contribúan á sensibilización do alumnado e do seu contorno coa necesidade de aumentar o seu consumo de alimentos de calidade abundantes no medio en que viven en beneficio da súa saúde e benestar.

Nesta mesma liña, as modalidades "Ponlle as pilas ao teu bocata" e "O sabor da aventura está no mar" procuran afianzar o coñecemento das propiedades alimenticias do peixe fresco e en conserva co fin de que o alumnado se familiarice con el e valore os seus beneficios. Ademais, estas modalidades favorecen o coñecemento da relevancia do sector pesqueiro e marisqueiro na economía galega.

En resumo, o programa no seu conxunto procura tres obxectivos fundamentais:

- ☞ *Coñecer as propiedades, cualidades e beneficios dos alimentos.*
- ☞ *Aumentar o consumo de produtos alimenticios recomendables para a saúde e o benestar.*
- ☞ *Valorar positivamente a toma de decisións informada na selección de produtos alimenticios axeitados para garantir unha dieta equilibrada.*

#### **4.14.- PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE E A FAMILIA.**

Pretendemos unha participación democrática das nais e pais na vida do centro, para elo seguiremos as seguintes estratexias:

- ❖ Informacións de carácter xeral mediante circulares e/ou notas enviadas ás casas de todos os nenos/as
- ❖ Reunións globais por titorías alomenos dúas veces no ano, en outubro e no 2º trimestre.
- ❖ Informacións individualizadas nas horas de titoría.
- ❖ Invitacións para que participen nas celebracións do centro.
- ❖ Contactos coa ANPA para tratar de programar actividades conxuntamente.

#### 4.15.- PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA.

Actualmente o centro carece de ANPA. Parece que existe un pequeno grupo de pais/nais interesados en creala. No caso de que se formara ao longo do curso escolar contarán coa nosa colaboración e apoio.

#### 4.16.-PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDENACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.

No centro contamos cunha limpadora, unha auxiliar coidadora e unha cociñeira. As tarefas do conserxe realízanse por parte do profesorado do centro e en ocasións coa axuda do concello.

#### 4.17. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO.

Debido a nova distribución de aulas e espazos é necesario modificar algúns aspectos do plan de autoprotección xa establecido, quedando da seguinte forma.

##### Características do Edificio

Contamos con dúas plantas que se comunican cunha escaleira de 1,18 metros de ancho. Na planta baixa hai as seguintes posibilidades de saída:

- Unha porta de dobre folla na entrada principal.
- Unha saída cara ó ximnasio, moi preto da aula de Ed. Infantil.
- Un aula ao final do corredor (Aula de Reforzo e de Música) con dúas portas que comunican directamente co patio.

Nesta planta baixa atópanse os seguintes espazos : aula de Educación Infantil, aula de 1º - 2º - 3º, aula de 4º- 5º - 6º, aula de desdoblamento de 5º - 6º, aula de Ed. Especial - Música, biblioteca, comedor, espazo de secretaría e os baños .

En caso de perigo o director/a, dará un toque de serea especial que serva para poñer en aviso aos mestres e abrirá as dúas follas de cada unha das portas da entrada. Iníciase así o Plan de Evacuación:

### Planta Baixa:

A aula de Educación Infantil evacuarase pola porta que dá á entrada do ximnasio.

Os/as nenos/as de Educación Primaria de 1º a 6º saíran pola porta principal.

Unha vez que esten fóra, os alumnos de Ed. Infantil cara o portalón traseiro do patio colocándose onda a reixa que linda co parque dos columpios e os de Ed. Primaria cara o portalón dianteiro, pero sempre sen sair fóra do recinto.

## **4.18.- PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.**

O centro ofrece as súas instalacións sempre que as entidades ou persoas que o soliciten ante a dirección do mesmo se comprometan a coidalas e as actividades que se ofrezcan sexan de interese público e sen ánimo de lucro, tendo ademais en conta que terán que ser aprobadas polo Consello Escolar e que o Departamento Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria terá que dar a pertinente autorización para a realización das mencionadas actividades.

## **4.19.- PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO.**

Este curso escolar seguiremos co PFPP iniciado o curso anterior, cuxa liña de traballo é a Biblioteca Escolar e que consta CFR de Verín.

Ademáis estamos inscritos como aparece na PXA en 3 plan Proxecta.

Algúns mestre do Centro inscribíronse en diversos cursos relacionados coa metodoloxía das novas técnicas informáticas e outros cursos.

## 4.20.- PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

### 1. INTRODUCCIÓN

A atención á diversidade defínese como o conxunto de respostas do sistema educativo para adaptarse ás necesidades dos alumnos que presentan necesidades educativas especiais no terreo educativo. Constitúe un reto necesario para a calidade de todo o centro escolar se partimos do recoñecemento da diversidade como un feito universal e necesario, convertíndose a planificación da diversidade nun factor fundamental para favorecer un ensino personalizado e incrementar o carácter enriquecedor da convivencia entre os membros da comunidade educativa en xeral, e do alumnado en particular, dentro dun marco de respecto ás diferenzas.

Nos últimos anos estase a dar un cambio progresivo na realidade educativa que amosa a necesidade de contar cunha escola comprensiva que poida enfrontarse a diversidade de alumnos que se escolarizan nos centros educativos. Esta diversidade tradúcese na consideración das distintas capacidades, motivacións, intereses e ritmos de aprendizaxe que poseen os alumnos, o que supón proporcionar unha educación que potencie o principio de igualdade de oportunidades. Por iso, é necesario o deseño dun Plan de Atención á Diversidade.

### 2. FUNDAMENTACIÓN LEGAL

A lexislación promulgada nos últimos anos relacionada coa Atención á Diversidade concretouse na seguinte normativa:

- ✓ **LEI ORGÁNICA 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (LOMCE).**
- ✓ **Decreto 105/2014 do 4 de setembro que establece o currículo da Educación Primaria.**
- ✓ **Decreto 229/2991 do 7 de decembro polo que se establece a atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia.**

- ✓ **ORDE do 31 de outubro de 1996** pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos/as que cursan ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización.
- ✓ **ORDE do 6 de outubro de 1995** pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- ✓ **ORDE do 27 de decembro de 2002** pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización dos centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.
- ✓ **Sección I. Aspectos xerais**
- ✓ **ORDE do 20 de febreiro de 2004** pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.

### **3. OBXECTIVOS**

Garantir una resposta educativa encamiñada a inclusión e de calidade para todo o alumnado con necesidades educativas especiais.

- 1) Facilitar ao alumnado con necesidades educativas una resposta educativa e de calidade que lle permita alcanzar o maior desenvolvemento persoal e social, e desenvolver ao máximo as competencias básicas.
- 2) Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación para os alumnos con necesidades educativas de atención específica.
- 3) Establecer e abrir novos canles de coordinación entre os profesionais implicados e as familias, determinando as súas funcións e competencias con respecto ao alumnado con necesidades educativas de atención específica.
- 4) Establecer vías de coordinación entre recursos externos á escola: equipo de orientación específico, departamento de orientación de secundaria, servizos sociais, unidade de saúde mental, gabinete de audición e linguaxe...

5) Elaborar o Plan de Acolida ao alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo español.

#### **4. ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (ANEAE).**

##### 1. Concepto De Alumno Con Necesidades Específicas De Apoio Educativo (NEAE).

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no capítulo I do título preliminar establece os principios e fins do sistema educativo; entre os principios que o inspiran destacan a calidade da educación para todo o alumnado; a equidade, a inclusión educativa e a non discriminación; a concepción da educación ao longo de toda a vida; a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado; a orientación educativa e profesional do estudiantado; o esforzo compartido por alumnado, nais, pais ou titores e titoras legais, profesorado, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade, e a autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares. Mediante eses principios trátase de conseguir o éxito escolar de todo o alumnado.

No propio título II da referida lei, dedicado á equidade na educación, establécese que as administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, asegurando os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos. Igualmente, dispónse que as administracións educativas establecerán os procedementos e recursos precisos para identificar de forma temperá as necesidades educativas específicas do alumnado. A atención integral deberá iniciarse desde o momento da identificación e tendo como principios a normalización e a inclusión, e que, para facer efectivo o principio de igualdade no dereito á educación, desenvolverán

accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorables, tratando de evitar as desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.

Concíbese a **atención educativa á diversidade** como o *conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado*. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.

Con respecto ao termo **Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE)** a LOMCE entende por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por TDAH, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención a diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia fai a mesma definición de NEAE pero sin ter en conta aos TDAH.

O concepto de nee como o alumnado que por un período da súa escolarización ou ao longo da mesma, require determinados apoios ou atencións educativas específicas derivadas de discapacidades ou trastornos graves de conduta.

A Orde do 27 de decembro de 2002 publicadda na CAG define no Capítulo I, Artigo 2, as nee como aquelas que de tipo temporal ou permanente estean asociadas á historia persoal e escolar ou debidas a condicións de sobredotación intelectual como a calquera



discapacidade ou a situación sociais ou culturais desfavorecedores, que pola súa especificidade supoñan diferenzas significativas no acceso ordinario ao currículo, e polo tanto, requirirán de apoios e atención educativas específicas

## 2. *Detección De Alumnos Con Neae. Proceso A Seguir.*

A detección e identificación das neae comeza cun proceso de recollida, análise e valoración da información relevante dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe, para determinar as actuacións educativas e axudas que precisa o alumnado.

O proceso a seguir é o seguinte:

### **Educación infantil**

Ao comezar a escolarización todo alumnado é obxecto dunha avaliación inicial, na que se recollerán aspectos previstos na Orde do 25 de xullo de 2009 e a detección das neae. A partir desta avaliación redactarase o informe psicopedagóxico establecido na Orde do 31 de outubro de 1996.

Os departamentos de orientación elaborarán os materiais necesarios para que o profesor titor recolla a información para levar a cabo a avaliación. O departamento de orientación analizará e obterá as conclusións correspondentes.

No momento de efectuar a solicitude de matrícula, os pais ou titores legais cumprimentarán un cuestionario que terá como función recoller información en relación a posibles nee e medidas extraordinarias que poida requirir o alumno durante a súa escolarización no centro. Este cuestionario será analizado polo orientador do centro para complementar a información que se recollerá durante o proceso de escolarización.

Unha vez realizada a avaliación psicopedagóxica, se fose preciso, o orientador ou, se é o caso, o equipo de orientación específico emitirá o correspondente Ditame de Escolarización.

## **Educación primaria**

Ao comezar a escolarización obrigatoria levarase a cabo unha avaliación inicial establecida no centro, no caso de que non fose avaliado na educación infantil, e coa debida adecuación ás características do alumno e a etapa escolar da que se trate.

O proceso a seguir será o mesmo que na etapa anterior.

Unha vez realizada a avaliación inicial ou no caso, a avaliación psicopedagóxica, proporanse as medias curriculares e organizativas.

### **Alumnos escolarizados procedentes doutros centros**

O mestre titor será o encargado de realizarlles unha avaliación inicial e se revisará a documentación académica do alumno: expediente académico, informes de avaliación...

Se o alumno presentase nee solicitarase un informe individualizado no que consten as medidas de atención á diversidade e os datos máis relevantes.

O departamento de orientación revisará o informe psicopedagóxico e en colaboración co mestre titor, especialistas en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe e outros profesionais implicados, propondrá as medidas de atención á diversidade.

### **Alumnos escolarizados no centro**

O mestre titor comunicarlle ao departamento de orientación a detección de alumnos con dificultades. Este lle facilitará ao titor o documento de recollida inicial de información que lle será devolto una vez cumprimentado.

Procederase a realizar una avaliación inicial por parte de ambos.

No caso de detectar nee realizarase una avaliación psicopedagóxica. O departamento de orientación manterá una reunión cos pais ou titores legais do alumno para informalos e solicitar o consentimento para a avaliación inicial.

### 3. Escolarización De ACNEE. Pasos A Seguir.

Os pasos a seguir na escolarización de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo son os seguintes:

Os pais ou titores legais presentarán una solicitude no centro correspondente e cubrirán un cuestionario elaborado polo departamento de orientación para recoller información sobre o neno/a.

A dirección do centro, xunto co mestre tutor, informará ao departamento de orientación ou no seu caso, ao equipo de orientación específico, da necesidade de realizar una avaliación psicopedagóxica, informando aos pais ou titores legais do alumno sendo necesaria a colaboración con eles e co profesorado implicado.

O departamento de orientación, ou se é o caso, o equipo de orientación específico, cubrirá o dictame de escolarización. No caso de solicitar a colaboración do equipo de orientación específico o director do centro enviará un escrito ao inspector correspondente, indicando os datos do alumno e solicitando a intervención do equipo de orientación específico. Achegarase un informe do alumno elaborado polo departamento de orientación.

O departamento de orientación informará á familia e presentará a dirección do centro os resultados da avaliación psicopedagóxica, as propostas de medidas de reforzo educativo ou de adaptación curricular.

O departamento de orientación dará traslado do dictame a Inspección Educativa, a cal, o elevará ao delegado provincial (ou presidente da comisión de escolarización) xunto co seu informe. Este último, notificará ao director do centro a decisión tomada.

De seren autorizadas, procederase o seu desenvolvemento, previa información á familia.

#### 4. Criterios Para A Escolarización Do Alumnado Con Integración Tardía Ao Sistema Educativo Español.

A escolarización dos alumnos con integración tardía ao sistema educativo español está regulado pola Orden do 20 de febreiro de 2004 na cal se establecen que os criterios para a súa escolarización serán os seguintes:

Con carácter xeral, o alumnado con incorporación tardía no sistema educativo español escolarizarase de acordo co procedemento xeral de admisión, establecido na Orde de 20 de febreiro de 2004, agás nos seguintes aspectos:

- ▶ No caso das idades de escolarización obrigatoria, a escolarización producirase no momento da chegada do alumno a Galicia, sen necesidade de esperar o inicio do novo curso.
- ▶ O curso no que se incorporará determinarase tomando en consideración a súa idade e o nivel máis axeitado para responder as súas necesidades.

#### 5. Funcións Do Profesorado.

Para atender de forma axeitada aos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo e garantir a calidade do seu proceso de ensino-aprendizaxe é necesario establecer unha estreita colaboración e coordinación entre o profesorado e profesionais implicados.

As funcións de cada un dos implicados están estreitamente relacionadas entre elas, sendo necesaria dita relación e coordinación para dar dar unha resposta educativa axeitada.

#### 1. MESTRE/A TITOR/A

- ✓ Coñecer aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico do alumno.
- ✓ Levar a cabo a avaliación inicial do alumnado.

- ✓ Executar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar necesidades específicas de apoio educativo, para así buscar respostas educativas máis axeitadas.
- ✓ Elaborar en coordinación coa PT, AL, orientador e demais profesores de área as adaptacións curriculares oportunas e xustificadas.
- ✓ Levar a cabo o seguimento das adaptacións curriculares en coordinación co resto do profesorado.
- ✓ Diseñar e pór en práctica as medidas de reforzo educativo.
- ✓ Avaliar e decidir sobre a promoción ou non promoción do alumnado en colaboración co PT, AL, orientador, familias...
- ✓ Participar no desenvolvemento do PAT e nas actividades de orientación.

## **2. MESTRE DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.**

- ✓ Atención directa e/ou indirecta aos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.
- ✓ Elaborar e adaptar materiais ás necesidades de cada alumno/a.
- ✓ Colaborar na detección de necesidades educativas.
- ✓ Colaborar no seguimento e avaliación das adaptacións curriculares.
- ✓ Orientar ao profesorado que imparta docencia aos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.
- ✓ Orientar aos pais sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.
- ✓ Asesorar ao resto do profesorado no manexo das novas tecnoloxías e axudas técnicas precisas.
- ✓ Colaborar e coordinarse co departamento de orientación do que forma parte.
- ✓ Coordinar, en colaboración co xefe de estudos, as cuestións relacionadas coa educación e a estancia no centro como apoio á atención ao aneae.

- ✓ Colaborar coa CCP na elaboración do plan de actuación respecto ao alumnado con necesidades.

### **3. MESTRE DE AUDICIÓN E LINGUAXE**

- ✓ Colaborar no proceso de identificación de dificultades na linguaxe oral e escrita.
- ✓ Intervir directa ou indirectamente na rehabilitación dos problemas de audición e linguaxe.
- ✓ Elaborar material didáctico para atención das alteracións que poida presentar o alumno.
- ✓ Colaborar no seguimento e avaliación de programas encamiñados á prevención de dificultades que poida presentar o alumnado no campo da audición e linguaxe.
- ✓ Colaborar no seguimento e avaliación das adaptacións curriculares para o alumno con necesidades educativas asociadas a dificultades de audición e linguaxe.
- ✓ Asesorar e orientar aos pais do alumnado con neae.
- ✓ Orientar aos mestres tutores sobre o tratamento educativo das dificultades da linguaxe oral e escrita.
- ✓ Colaborar coa comisión de coordinación pedagóxica na elaboración do plan de actuación.
- ✓ Desenvolver programas de intervención temperá: programas de estimulación da linguaxe oral.
- ✓ Coordinarse e colaborar co departamento de orientación do que forma parte.

### **4. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

- ✓ Valorar as necesidades educativas no ámbito da orientación, dos alumnos do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- ✓ Participar na elaboración, seguimento e avaliación do proxecto educativo incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para atender á diversidade do

alumnado e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.

- ✓ Elaborar propostas do plan de orientación educativa e do PAT incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlles ao profesorado o soporte técnico para o desenvolvemento do plan.
- ✓ Diseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos/as.
- ✓ Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- ✓ Facilitarlles ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade.
- ✓ Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo.

## 6. Medidas De Resposta Educativa.

### 1. ORGANIZATIVAS

#### A) FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN

##### Educación infantil

É unha medida de carácter extraordinario de atención á diversidade que consiste en aumentar excepcionalmente nun ano respecto do disposto con carácter xeral. En ningún caso será posible permanecer nesta etapa máis alá do ano natural no que se cumpran os 7 anos de idade.

A dirección do centro terá que presentar a oportuna solicitude no departamento provincial coa seguinte documentación:

- Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo departamento de orientación do centro ou ao que este estea adscrito ou, no seu defecto, polo profesor tutor.
- Conformidade expresa dos pais ou titores legais.
- Certificación académica.
- Proposta de adaptación curricular segundo o disposto na Orde de 6 de outubro de 1996.

A solicitude remitirase xunto co informe da inspección educativa ao Departamento de Ordenación Educativa que autorizará ou denegará a proposta.

Terá constancia nos documentos de avaliación.

### **Educación primaria**

Poderase aumentar excepcionalmente nun ano con respecto do disposto con carácter xeral. No caso de non ter permanencia un ano máis na educación infantil será posible aumentar un segundo ano con carácter excepcional. En calquera caso, non se poderá continuar na educación primaria máis alá do ano natural no que se cumpran 15 anos de idade.

A dirección do centro terá que presentar a oportuna solicitude no departamento provincial coa seguinte documentación:

- Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo departamento de orientación do centro ou ao que este estea adscrito ou, no seu defecto, polo profesor tutor.
- Conformidade expresa dos pais ou titores legais.
- Certificación académica.
- Proposta de adaptación curricular segundo o disposto na Orde de 6 de outubro de 1996.

O prazo de solicitude é no mes de abril.

Terá constancia nos documentos de avaliación.



## **Alumnos con altas capacidades**

Poderase anticipar un ano o inicio da escolarización obrigatoria ou reducir o período de escolarización obrigatoria un máximo de 2 anos sempre e cando non se aplique durante a mesma etapa educativa.

A dirección do centro, coa conformidade dos pais (...) solicitarán ao departamento de orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

A dirección do centro elevará ao inspector/a de educación a solicitude de flexibilización do período de escolarización, que autorizará ou non a proposta, e que incluírá a seguinte documentación:

- Informe do profesor titor.
- Informe sobre o resultado da avaliación psicopedagóxica.
- Proposta concreta de adaptación curricular.
- Conformidade dos pais ou titores legais.

A decisión de reducir o período de escolarización irá acompañada de medidas curriculares.

O prazo de solicitude será no mes de abril.

Quedaré reflectido no expediente académico e nos documentos de avaliación.

## **B) CRITERIOS DE PROMOCIÓN PARA ALUMNOS CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (ANEAE)**

A decisión de que un alumno non promocióne curso tomarase consensuadamente entre o titor, o profesorado que imparte docencia e o orientador, previa audiencia dos pais ou titores legais.

### **A repetición**

Ao finalizar cada curso avalíaranse os resultados conseguidos por cada alumno en función dos obxectivos propostos a partir da valoración inicial. Dita avaliación permitirá

proporcionar a orientación adecuada e modificar o plan de actuación, así como a modalidade de escolarización. Basearase nos seguintes conceptos:

- Non acadar os obxectivos previstos para o ciclo.
- Amosar dificultades importantes nas áreas instrumentais básicas: lectura, cálculo, escritura, correspondendo ás áreas de Matemáticas e Lingua Castelá.
- Que o alumno recibira previamente reforzo educativo.

### **A promoción**

Ao finalizar o nivel, e como consecuencia do proceso de avaliación, tomarase as decisións de promoción. A decisión adoptarana entre o equipo de mestres que imparten docencia ao alumno, tendo en especial consideración a información e o criterio do titor.

Cando un alumno/a permaneza un ano máis nun nivel deberá seguir medidas de reforzo educativo ou adaptación curricular.

Decidirase a promoción aínda que non teña acadados os obxectivos de nivel nos seguintes casos:

- Cando teñan suspensas á vez Matemáticas e Lingua Castelá/Lingua Galega.
- Cando se considere que o máis importante para ao alumno sexa a integración no seu grupo de iguais.
- Cando as condicións organizativas e pedagóxicas estean en mellores condicións.

## **C) RECURSOS PARA A ATENCIÓN A ANEAE**

### **Recursos materiais**

Serán escollidos en función das características do alumnado escolarizado. No caso de que un alumno teña necesidades específicas de apoio educativo e precise de recursos máis elaborados, adaptados ou extraordinarios farase constar no informe de avaliación psicopedagóxica.

## **Recursos persoais**

- ✓ Titores.
- ✓ Mestres que imparten as áreas ou materias.
- ✓ Mestre de Audición e Linguaxe.
- ✓ Departamento de orientación.

### **D) ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS DE APOIO.**

O responsable será o departamento de orientación en coordinación coa mestra de pedagogía terapéutica e o director do centro

Estableceranse criterios de priorización para a organización dos mesmos:

- 1st* Alumnado con informe psicopedagóxico.
- 2nd* Alumnado con Adaptación Curricular Significativa (ACS).
- 3rd* Alumnado que precisa ACS pero que non se pode elaborar porque aínda está no comezo de ciclo.
- 4th* Apoios iniciados priorizando de 1º a 6º.
- 5th* Na educación infantil os apoios realizaranse dentro da aula ordinaria, só se levarán apoios fóra da aula en casos moi excepcionais.
- 6th* Alumnado que repite curso.
- 7th* O alumnado que por razón de horarios non pode ser atendido pola especialista de AL afín PT, será distribuído entre os resto do profesorado.

Segundo as características e necesidades do alumnado priorizaremos os apoios dunhas áreas sobre outras. Por regra xeral, apoiarase nas áreas instrumentais básicas.

### **E) MODALIDADES EDUCATIVAS DE APOIO**

- 1º Aula ordinaria con apoio/reforzo por parte do mestre titor.
- 2º Aula ordinaria con apoio/reforzo de calquera mestre dependendo dos horarios.
- 3º Aula ordinaria con apoio especializado por parte do mestre de AL afín PT.

4º Aula de AL/PT a tempo parcial. Non debe exceder un terzo do tempo de xornada escolar.

## **2. CURRICULARES**

### **A) REFORZO EDUCATIVO**

Medida extraordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, as formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos dos alumnos e a aspectos relacionados coa metodoloxía.

Non precisan a autorización para ser levadas a cabo.

Están dirixidas aos alumnos/as que coa modificación de elementos non prescriptivos do currículo poden seguir o proceso de ensino-aprendizaxe.

Son elaborados polo profesor que imparte a área ou materia sendo necesario aplicar o reforzo educativo con coñecemento do titor/a.

Desenvolverase no contexto escolar ordinario e polo profesor/a que imparte a área ou a materia.

Son reflectidos no expediente académico e nun informe dirixido ás familias.

### **B) ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA**

Son modificacións dun ou máis elementos prescriptivos do currículo para atender as necesidades educativas dun alumno motivadas por unha determinada dificultade persoal ou por capacidades excepcionais.

Se tomará de referente os obxectivos xerais de etapa, concretados no proxecto educativo para cada ciclo. Os obxectivos poderán pertencer, se é o caso, a outro ciclo ou etapa diferente do que curse o alumno obxecto da adaptación curricular.

Para seren aplicadas terase que esgotaren outras medidas ordinarias de intervención educativa.

Desenvolverase no contexto educativo ordinario.

Precisarase da autorización da inspección educativa.

Están dirixidas a alumnos/as que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera índole ou por posuír cualidades excepcionais non poden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

O proceso de elaboración será o seguinte:

1º O departamento de orientación, o no seu caso, o equipo de orientación específico, realizará unha avaliación psicopedagóxica na que se recollerán os datos relevantes sobre a situación socio-familiar do alumno e sobre o seu proceso de aprendizaxe.

2º Realizarase unha reunión, na que se decidirá a elaboración da adaptación curricular, coordinada polo xefe de estudos á que asistirán o titor, os profesores que imparten as áreas ou materias obxecto da adaptación e os profesionais que participaron na avaliación psicopedagóxica.

3º O departamento de orientación citará aos pais ou tutores legais para informalos dos resultados da avaliación psicopedagóxica e das medidas que se pretenden levar a cabo.

4º O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor/a que imparte a área ou materia e realizarase integrado nas accións educativas ordinarias do grupo de referencia.

Terán unha duración dun ciclo educativo.

5º Os elementos susceptibles de ser modificados son:

- Os obxectivos: poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados.
- Os contidos poderán ser modificados, complementados ou suprimidos.
- Os criterios de avaliación poderán ser adaptados, complementados, modificados ou suprimidos.

- Os estándares de aprendizaxe poderán ser adaptados, complementados, modificados ou suprimidos.

6º Os datos obtidos na avaliación psicopedagóxica unidos a adaptación curricular reflectiranse no documento individual de adaptación curricular (DIAC).

7º O director/a do centro enviará a proposta de adaptación curricular ao servizo provincial de inspección. O servizo de inspección enviará ao centro un informe autorizando ou non a adaptación curricular.

8º A avaliación dun alumno con ACS farase en función dos criterios establecidos na mesma.

Os referentes a efectos de promoción serán as competencias e os obxectivos establecidos para dito curso.

9º Reflectirase no expediente académico como ACS, no historial académico e no informe para aos pais.

A avaliación psicopedagóxica, o documento de ACS e o informe da inspección educativa formarán parte do expediente académico e terán carácter confidencial.

10º As adaptacións curriculares revisaranse, periódicamente, polo menos unha vez ao remate de cada curso.

As posibles modificacións só requirarán unha nova autorización no caso de que se produzan en referencia aos obxectivos e aos criterios de avaliación do ciclo ou curso sobre o que se elaborará a adaptación.

## 7. Plan De Acolida Ao Alumno Con Incorporación Tardía Ao Sistema Educativo Español.

É necesario a planificación dun plan de acollida para os alumnos/as que procedan do estranxeiro para facilitarlles a súa adaptación ao sistema educativo español.

Este plan de acollida quedará englobado dentro do Plan de Atención á Diversidade. Ambos os dous estarán recollidos no proxecto educativo do centro.

## 8. Canles De Coordinación

Estableceranse diferentes cauces de coordinación, tanto internos como externos á escola para garantir a calidade do ensino respecto as necesidades educativas de atención específica.

≈ Coordinación entre mestres titores, mestres de área ou materia, especialista en AL e orientador.

~ Coordinación entre ciclo.

~ Reunión de claustro.

~ Reunión mensual co departamento de orientación.

≈ Coordinación coas familias.

~ Reunión periódicas co mestre titor.

~ Chamadas telefónicas.

~ Notas do caderno do alumno.

~ Intercambio de información nas entradas e saídas.

≈ Coordinación cos servizos externos á escola.

~ Gabinete de audición e linguaxe.

~ Gabinete de psicoloxía.

## 9. Recursos.

### 1. LEXISLATIVOS

» Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación (LOE)

» **Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre**, para la mejora de la calidad Educativa (LOMCE)

» **Orde do 20 de febrero de 2004** pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.

- » **Orde do 27 de decembro de 2002** pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensinanzas non universitarias con necesidades educativas especiais.
- » **Decreto 120/1998, do 23 de abril**, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- » **Decreto 229/2011 do 7 de decembro** que regula a atención á diversidade en Galicia.
- » **Orde do 31 de outubro de 1996** pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.
- » **Orde do 24 de xullo de 1998** pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- » **Orde do 09 de xuño de 2016** pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- » **Orde do 25 de xuño de 2007** pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- » **Orde do 6 de outubro de 1995** pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.

## **2. DOCUMENTAIS**

- » Proxecto Educativo
- » Programación Xeral Anual
- » Programación de aula
- » Plan de Orientación Educativa
- » Plan de Acción Titorial.

## **3. CURRICULARES**

- Reforzo Educativo
- Adaptación curricular



#### 4. ORGANIZATIVOS

Apoios  
Horarios  
Espazos  
Tempos  
Ordenador

#### 5. MATERIAIS

Libros de texto  
Fichas elaboradas  
Cadernos  
Xogos manipulativos  
Familias

#### 6. PERSOAIS

Mestres titores  
Mestres de área ou materia.  
Especialista en PT  
Orientador  
Programas informativos

#### 10. Revisión Do Plan De Atención Á Diversidade.

Para avaliar o Plan de Atención á Diversidade estableceranse unha serie de indicadores que parten dos obxectivos propostos neste documento:

INDICADORES DE AVALIACIÓN	SI	NON	AV
Facilita unha resposta educativa adecuada e adaptada a todo o alumnado matriculado no centro.			
Cumpre coa lexislación vixente.			
O plan de acollida cumpre cos requisitos.			
É o suficientemente flexible para introducir modificacións no caso de seren necesarias.			
A coordinación entre o profesorado implicado é positiva.			
Os canles de coordinación entre os recurso internos e externos á escola son axeitados.			

O Plan de Atención á Diversidade será revisado nos seguintes casos:

- Ao remate cada curso escolar.
- Ao incorporarse novos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo e cumbran cambios organizativos e/ou curriculares.
- Ao non ser os resultados satiasfactorios e sexa necesario novos obxectivo.

## 4.21.- PLAN DE CONVIVENCIA E A SÚA CONCRECIÓN ANUAL.

De acordo ó **Decreto 8/2015, do 08 de xaneiro**, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, no seu punto II, **o Plan de Convivencia** é o *documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados*. Nel establécense as liñas xerais do modelo de convivencia a adoptar no centro, os obxectivos específicos a acadar, as normas que o regularán e as actuacións a realizar neste ámbito para consecución dos obxectivos plantexados.

Na dinámica de reflexión e revisión continua do Proxecto Educativo do Centro e, dentro del do Plan de Convivencia, é un bo momento para que a comunidade educativa defina e chegue a un consenso do entendemento da convivencia e de cara onde se quere avanzar nela. Plantexamentos globais e metas que sirvan de referente a todo cuanto se faga no centro e na comunidade educativa, posto que o compromiso será de todos os sectores da mesma.

### 4.21.1. Concreción anual do Plan de convivencia.

Unha vez realizado o diagnóstico da convivencia no centro, deberán establecerse os obxectivos que se pretenden acadar. Para isto, partindo das necesidades e realidades detectadas a mellorar no diagnóstico, teríamos que concretar obxectivos e accións a desenvolver, todo isto, tendo en conta os obxectivos xerais que se perseguen co Plan de Convivencia, establecidos no artigo 2.2 da citada Orde.

Co fin de facilitar a concreción dos obxectivos específicos de cada centro e das actividades que se propoñen para lograr eses obxectivos, é conveniente limitar os tempos

e persoas responsables, os recursos humanos e materiais necesarios, acordar a metodoloxía de traballo e os indicadores de logro, todo isto canalizado a través da Comisión de Convivencia. Para establecer a metodoloxía de traballo, algunhas consideracións: ter en conta a todos os posibles implicados, asumir a realización de debates e negociacións, buscar e utilizar medios e estratexias de divulgación e contraste, incorporar procedementos e momentos para a revisión e avaliación. Para o posterior desenvolvemento do Plan de Convivencia, a Comisión de Convivencia terá que considerar algúns aspectos: coherencia co deseño, flexibilidade, cumprimento dos compromisos de información periódica do desenvolvemento, incorporación de posibles reaxustes e melloras, búsqueda de asesoramento e formación, cando sexa necesario revisión de metodoloxías e recursos, redacción de memorias de progreso, intercambios e divulgación, etc. Concretados os obxectivos do Plan de Convivencia, a Comisión de Convivencia elaborará unha proposta de contidos do Plan para a súa posterior aprobación por parte do Consello Escolar.

O Equipo Directivo velará para que dita proposta sexa coñecida por todos os sectores da comunidade educativa e para que cada un deles poda realizar as súas valoracións e aportacións con anterioridade a súa aprobación.

#### **4.22.- PLAN DE IGUALDADE.**

Educar é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo.

A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha

efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero. Nos últimos anos tense observado un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e en como se manifesta a violencia escolar, o que orixina un aumento dos conflitos e das situacións de violencia entre os rapaces.

Co obxectivo de inverter esta tendencia a coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables, posto que non cabe dúbida de que todo o que ocorre nos colexios e nas universidades é un reflexo do que ocorre na sociedade, nun principio como espello e despois como reflexión de volta cara á sociedade de novo. Se somos capaces de transmitirle ao alumnado dos nosos centros educativos valores baseados na paz e na igualdade, a sociedade do futuro será pacífica e igualitaria. Se non traballamos por unha verdadeira e efectiva coeducación non conseguiremos unha verdadeira transformación da sociedade e polo tanto unha igualdade real. Cómpre ter en conta que as aulas son tan diversas como o é a sociedade; con todo, ás veces a diversidade, como é o caso da afectivo-sexual, aínda non se visibiliza nin se respecta, senón que se rexeita por contravir “o correcto” e “o normal”. De aí a importancia de traballar esa diversidade desde o sistema educativo.

É preciso polo tanto prestar atención ao proceso de convivencia nos centros educativos para conseguir que se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos e favorecer deste xeito as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar

senón tamén nunha sociedade máis igualitaria.

Por todo o exposto é necesario e imprescindible elaborar un plan de Igualdade de centro no que se recollan as medidas que se van desenvolver ensinarlles aos nenos e ás nenas a ter unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuízos e estereotipos.

#### **4.22.1. Estructura.**

O Plan de actuacións para a Igualdade pon a coeducación e a convivencia escolar estrutúrase en **6 eixes de actuación** subdivididos en obxectivos e medidas de actuación.

**EIXE 1:** Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.

**EIXE 2:** Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero , favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.

**EIXE 3:** Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida , acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística,..).

**EIXE 4:** Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero , sexual, e afectiva.

**EIXE 5:** Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais , co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.

**EIXE 6:** Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso , discriminación e violencia asociadas , con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

#### **4.22.2. Obxectivos xerais coeducativos.**

Tendo en conta, como referencia, o seis eixes do **Plan de Actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia** e considerando a comunidade educativa do CEIP Vicente Risco (Cualedro) desenvolveremos e potenciaremos a nivel xeral os seguintes obxectivos:

*4.1. Promover a igualdade de oportunidades entre alumnas e alumnos, mestras e mestres, nais e pais, titoras e titores...*

*4.2. Prever, detectar e intervir en posibles casos de violencia de xénero.*

*4.3. Promover o respecto pola diversidade afectivo-sexual.*

*4.4. Prever, detectar e intervención en posibles casos de LGBTIfobia.*

Ditos obxectivos serán concretados e especificados no propio Plan de Identidade do centro.

#### **4.22.3. Medidas concretas de actuación.**

Nesta Programación Xeral Anual (PXA), recollemos as accións e actividades relacionadas con estes valores , entre as que se atopan as que coinciden con datas especiais como: o Día Internacional dos Dereitos da Infancia , o Día Internacional da Eliminación da Violencia c ontra a Muller , o Día Internacional dos Dereitos Humanos , o Día Internacional da Paz, o Día Internacional da Muller.

#### **4.22.4. Avaliación.**

Dito plan é un documento dinámico que se irá adaptando á realidade do centro e ás circunstancias do curso escolar, realizarase unha avaliación continua do cumprimento dos obxectivos do plan, para poder axustar e engadir novas actuacións ou retirar algunha que non se poida levar a cabo.

Valorarase o grado de implicación de cada un dos membros que compoñen a nosa Comunidade Educativa, así como a coordinación entre eles e o grado de aceptación das distintas propostas.

Esta avaliación continua complementarase cunha **avaliación final** onde se valoren os resultados obtidos, as posibles melloras, erros cometidos, necesidades e grado de satisfacción coa experiencia.

#### **4.22.5. Proposta de mellora.**

Unha vez levado a cabo o Plan durante este ano recolleremos nunha Memoria Final os obxectivos acadados e outras cuestións que nos axuden a mellorar para vindeiros cursos, e serán recollidos nunha Proposta de Mellora.

### **4.23.- PLAN XERAL DE AVALIACIÓN.**

A avaliación dos alumnos/as axustarase ao disposto na lexislación vixente. Será continua, terá carácter formativo e estará integrada no proceso educativo. As actividades da avaliación oriéntanse a detectar os progresos e/ou dificultades dos alumnos/as durante o proceso educativo.

As actividades de avaliación en Educación Primaria serán levadas a cabo polo Mestre/a titor/a correspondente coa colaboración dos restantes mestres do nivel (idioma, educación física, música e relixión).

A información aos pais sobre a avaliación terá lugar antes do Nadal, Semana Santa e fin de curso. Darase a coñecer mediante os boletíns informativos que serán devoltos ao mestre/a titor/a unha vez asinados polos pais ou titores dos alumnos/as. Estes, así mesmo, serán puntualmente informados das incidencias (progresos e fallos detectados nos seus fillos/as) así como das posibles medidas correctoras a adoptar.

Ao final de cada nivel, e como consecuencia do proceso de avaliación, tomaranse as decisións sobre promoción de ciclo do alumnado. A decisión de promoción de nivel adoptaraa o equipo de mestres/as que imparten docencia ao grupo de alumnos/as no

nese nivel, e deberá ter en especial consideración a información e o criterio do titor ou titora. O alumnado acadará a promoción ao nivel educativo seguinte sempre que alcanzase o desenvolvemento correspondente das competencias clave e os obxectivos dese nivel. Accederase tamén ao seguinte nivel cando as aprendizaxes non acadadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo nivel. Neste caso, o centro educativo adoptará as medidas precisas para que o alumnado reciba os apoios necesarios para a recuperación das ditas aprendizaxes.

Cando o alumno/a non cumpra as condicións establecidas no parágrafo anterior, permanecerá un ano máis no nivel, tendo en conta que esta medida só se poderá adoptar unha soa vez ao longo de toda a etapa educativa. Esta medida deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo educativo.

Esta avaliación quedaría incompleta senón se inclúe tanto a avaliación do profesorado como a da propia Programación Xeral Anual. En canto ós docentes teremos en conta:

- *A adecuación dos obxectivos propostos nas correspondentes unidades didácticas.*
- *A distribución, progresión e adecuación dos contidos.*
- *A proposta de actividades axustadas ao nivel do alumnado.*
- *Sacarlle o máximo partido aos materiais didácticos.*
- *Realizar agrupamentos apropiados segundo a actividade a realizar.*
- *Crear un clima idóneo para a aprendizaxe e a cooperación entre os alumnos/as.*
- *Coordinación con outros mestres.*

Esta Programación Xeral pode ser revisada en calquera momento a petición dalgún mestre/a, dos Equipos Docentes ou dos Órganos de Goberno do Centro (Claustro e Consello Escolar). En tal caso, co coñecemento do Claustro e previa análise da Comisión de Coordinación Pedagóxica que comunicará os posibles cambios a realizar ó Consello Escolar que será, en definitiva, quen dea a súa aprobación ou rexeite se así o considera.



#### **4.23.1.- Avaliación individualizada de 3º curso e de final de etapa.**

As Avaliacións individualizadas establecidas pola L.O.M.C.E terán lugar nas datas que sexan comunicadas no seu momento.

Os encargados de dita avaliación están reflectidos no punto 3.1.2 desta mesma P.X.A.

#### **4.24.- PROPOSTAS DE MELLORA DOS RESULTADOS ACADÉMICOS.**

A partir dos resultados obtidos nas avaliacións individualizadas de 3º curso de Educación Primaria realizada a finais do curso pasado, presentamos unha guía de actuación para mellorar o proceso educativo que estamos a desenvolver no centro.

##### **4.24.1 Consideracións previas.**

Estas probas son unhas avaliacións que versan sobre as competencias claves do alumnado e que se desenvolve en todos os centros que imparten ensinanza básica. Debe dar lugar a compromisos de revisión e mellora a partir dos resultados que dela se obteñan. A lei dispón que se trata dunha avaliación de carácter formativo e orientador para os centros, e informativo para as familias e o conxunto da comunidade educativa.

A Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora Calidade Educativa (LOMCE), establece estas avaliacións no terceiro e sexto curso de Ed. Primaria. Esta avaliación terá lugar de acordo coas autoridades de educación dispoñibles e "comprobar o grao de dominio de habilidades, capacidades e competencias en falar e escoitar e comprensión de lectura, matemáticas e resolución de problemas en relación ao grao de adquisición de competencias en comunicación lingüística e competición de Matemáticas". Asemade, en sexto curso tamén se avaliará a competencia en lingua estranxeira e en ciencia e tecnoloxía.

En relación a ela, cada curso escolar dítaranse instrucións sobre aspectos concretos relativos á celebración da proba correspondente. A posta en práctica da avaliación encamiñase así a estimular a necesidade de reflexionar sobre a práctica

educativa, para encontrar nesa análise evidencias rigorosas que permitan comprender o que se fai nos centros educativos e o que se consegue, é dicir, debe contribuír a promover procesos de autoavaliación nas institucións escolares.

En consonancia co anterior, debe dar lugar, así mesmo, a compromisos de revisión e mellora a partir dos resultados obtidos.


#### **4.24.2 Análise dos resultados do curso 2018/2019.**


Non temos resultados, posto que ningún alumno/a se presentou á realización da proba.


#### **4.24.3 Diagnóstico da situación.**


Baseándonos en cursos anteriores, podemos dicir que o noso centro acada uns resultados bastante satisfactorios en todas as competencias e que practicamente coinciden coa avaliación continua realizada polo profesorado. Aínda así, dende os Equipos docentes deberemos establecer estratexias para mellorar os apartados competenciais nos que puntuamos máis baixo.

#### **4.24.4 Propostas de mellora.**


 Débense manter, e incrementar no posible, as actividades e propostas recollidas no Proxecto lector do centro e no Plan de biblioteca para tratar de manter e mellorar os resultados acadados na comprensión lectora.


 Debermos mellorar as destrezas comunicativas no referente a expresión escrita.


 Débese familiarizar ao alumnado co formato e coa mecánica dos caderniños cos que se realizan as probas de avaliación, sobre todo no referido ao ámbito da competencia matemática e ciencias e tecnoloxía, para tratar de mellorar os resultados na mesma.

 A implantación do uso das novas tecnoloxías nos procesos de ensino e aprendizaxe, recollida no Plan de introdución das TICs, debe ser un factor que axude a acadar as dúas propostas anteriores dada a cantidade e calidade de recursos que achega

á práctica educativa, sen esquecer un factor fundamental como é a motivación do alumnado.

 Respecto ao currículo, revisar e reformular de ser necesario, as programacións didácticas no relativo ao apartado “cálculo e numeración”, e ciencias e tecnoloxía. Estableceremos estratexias, plans ou programas específicos para mellorar a “Expresión escrita”. En 4º e 6º curso, como materia de libre configuración, continuaremos realizando un obradoiro de comprensión e resolución de problemas matemáticos.

 Respecto á práctica docente, revisar as estratexias metodolóxicas para abordar o ensino do cálculo e da resolución de problemas e a aprendizaxe de contidos científicos e tecnolóxicos.

 Débese adestrar a atención e a concentración, co fin de poder aumentalas. O tempo das mesmas é extraordinariamente escaso

## 5. APROBACIÓN.

Esta Programación Xeral Anual foi levada ao **Claustro** de mestres en sesión ordinaria celebrada o día 17 de outubro de 2.019 ás 15:00, quedando aprobada por unanimidade no mesmo.

Cualedro, 17 de outubro de 2.019

A directora

Asdo. M<sup>a</sup> Mercedes Iglesias González



A secretaria do Claustro

Asdo. Débora Seguíñ Pérez

Esta Programación foi presentada ao **Consello Escolar** para a súa aprobación nunha reunión de carácter ordinario o día 17 de outubro de 2019 ás 16:00. Non habendo ningunha obxección á mesma por parte de ningún dos seus membros, dáse por aceptada e aprobada.

Cualedro, 17 de outubro de 2.019

A directora



Asdo. M<sup>a</sup> Mercedes Iglesias González



A secretaria do Consello



Asdo. Débora Seguíñ Pérez